

PROGRAMACIÓN
DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

IES FERNANDO ESQUÍO

CURSO 2016-2017

INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRENSARIAL.....	1
ECONOMÍA 4º ESO	75
ECONOMÍA	215
ECONOMÍA DA EMPRESA	305
FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN.....	403
ANEXO I: IMPLANTACIÓN DAS TIC	453
ANEXOII: PLAN LECTOR.....	459
ANEXO III: PROGRAMCIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES.....	461
ANEXOIV: PLAN DE CONVIVENCIA.....	462
SINATURA DOS MEMBROS DO DEPARTAMENTO.....	463

INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL

I.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
II.	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS	6
III.	OBXECTIVOS.....	11
IV.	UNIDADES DIDÁCTICAS: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	15
V.	METODOLOXÍA.....	55
VI.	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	56
VII.	AVALIACIÓN:CRITERIOS,PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.	56
VIII.	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	60
IX.	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	63
X.	CONTIDOS MÍNIMOS	64
XI.	DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS	70
XII.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN.....	70
XIII.	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.....	71
XIV.	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	71
XV.	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	72
XVI.	INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS	73

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Xustificación da programación

O presente documento ofrece un modelo de Programación didáctica para a materia de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial (4º ESO APLICADAS). Con esta programación preténdese planificar o traballo docente de unha maneira eficaz, organizando o proceso de aprendizaxe dos alumnus e alumnas.

O Departamento

A presente programación corresponde ó curso 2016/17, no que se impartirán as materias de:

4º DA ESO

Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial

Economía

BACHARELATO

Economía 1º BAC

Economía da Empresa 2º BAC

Fundamentos de Administración e Xestión 2º BAC

- Carmen González Feijoo Xefa de Departamento

- Dolores Rey Varela

A profesora Carmen González Feijoo impartirá: Economía 4º, Iniciación a Actividade Emprendedora e Empresarial e Fundamentos de Administración e Xestión.

A profesora Dolores Rey Varela impartirá: Economía de 1º Bacharelato e Economía da Empresas de 2º Bacharelato.

Marco lexislativo

Normativa estatal:

Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE 03/01/2015).

Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre compétenencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE 29/01/2015).

Real Decreto 310/2016, de 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato.

Normativa autonómica:

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para vos centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e regúlase o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións non curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

A contorna

Estas materias impartiranse nun centro de Ensino Medio, radicado nunha vila do noroeste de Galicia.

Neda, é un concello dos ribereños da ría de Ferrol, limita o norte con concello de Narón, o sur co de Fene e A Capela e o leste con San Sadurniño. Conta cunha poboación en torno aos seis mil habitantes e unha superficie en (km²) de 23,8.

É un dos concellos da comarca de Ferrolterra, zona que tivo unha industria naval moi importante pero que na actualidade sufriu grandes crises e reconversións, repercutindo na situación económica e social da poboación.

Por todo o anteriormente referido o nivel socioeconómico da zona é medio- baixo dentro do contexto galego.

O Centro

O IES FERNANCO ESQUIO é un centro que conta na actualidade con 225 alumnos e alumnas Impártese a ESO, BACHARELATO e PFF AFB.

Fundamentos de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial

O espírito emprendedor dentro da educación foi amplamente abordado desde diversos enfoques. Aínda que se ligou a materias relacionadas co ámbito da economía, cada vez máis implica relación do alumnado coa psicoloxía, a socioloxía e a xestión. Trátase dun fenómeno humano que comprende un amplo espectro de competencias, coñecementos e actitudes, calidades e valores.

Asumir riscos, ser innovador, ter dotes de persuasión, negociación e pensamento estratéxico tamén se inclúen dentro das competencias que deben ser mobilizadas na mocidade para contribuír a formar cidadáns dotados de capacidade para o emprendimiento. A resultas, o concepto de educación emprendedora ha de abarcar competencias transversais pero ser definida en resultados de aprendizaxe concretos e diferenciados por nivel educativo.

A competencia “sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor”, asociada a esta materia incide non só na pura actividade económica senón na contribución á sociedade por parte dos individuos, a inclusión social e asegurar o benestar da comunidade.

Esta materia inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar aos mozos para unha cidadanía responsable e o mundo laboral. Axuda ao coñecemento de quen son os emprendedores, que fan e que necesitan, pero tamén a aprender a responsabilizarse da súa propia carreira e o seu camiño persoal de formación e, en suma, das súas decisións craves na vida. Todo iso sen esquecer os aspectos máis concretos relacionados coa posibilidade de creación dun negocio propio ou de ser innovadores ou “intraemprendedores” no seu traballo dentro dunha organización.

A materia de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial artículase en tres bloques:

- **Bloque 1.** Autonomía persoal, liderado e innovación.
- **Bloque 2.** Proxecto de empresa.
- **Bloque 3.** Finanzas.

II. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Na área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Desde a área contribúese ao desenvolvemento desta competencia aplicando o razoamento lóxico e a adquisición de diferentes elementos para o bo desempeño do alumnado nela, con accións como a planificación de gastos e ingresos, o cálculo de beneficios ou perdas, a elaboración dun plan de negocio e a análise da viabilidade, a confección dun plan de comercialización... E todo iso a través da observación do contorno, da súa análise e da realización de diversas formulacións para un desenvolvemento sostible.

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Importante para o desenvolvemento desta competencia é a adquisición de destrezas básicas como a lectura, a conversación e a escritura, para levar a cabo diferentes tarefas, consideradas desde a área de participación, en situacións de comunicación de grupo, expresión de ideas, elaboración dun plan de negocio, listaxe de tarefas para desenvolver a actividade do plan de empresa, xeración de diferentes documentos administrativos necesarios, comprensión de diferentes documentos... As actitudes e os valores desta competencia veranse en diferentes tarefas, nas que se fomentará o respecto ás opinións dos demais e o desenvolvemento do espírito crítico.

COMPETENCIA DIXITAL

Na actualidade, é necesario o uso das tecnoloxías da información e a comunicación para diferentes ámbitos das nosas vidas, como traballo, ocio, aprendizaxe, participación na sociedade, etc. É fundamental coñecer o uso de varias aplicacións informáticas, o acceso ás fontes e o procesamento da información... todo iso desenvolverase nas diferentes tarefas propostas, tanto individuais coma grupais, nas que se requira consultar páxinas webs para obter información ou xerar documentos relacionados co plan de empresa, así como tarefas de carácter administrativo, mediante a utilización de diferentes programas de xestión, na presentación-defensa de traballos a través da utilización de varios medios e formatos dixitais. Por todo iso, formularanse tarefas nas que se necesite o uso dos recursos tecnolóxicos, desenvolvendo unha actitude activa, segura e crítica cara a estes.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI

A expresión cultural é fundamental para o desenvolvemento de aptitudes creativas que poidamos trasladar a varios contextos profesionais. Desde a área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial podemos adestrar diferentes aspectos, como a apreciación da importancia da expresión creativa de ideas e experiencias a través de distintos medios.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

Esta competencia necesita do coñecemento e adestramento de diferentes habilidades para elaborar ideas, ter en conta a opinión dos demais, tomar decisións, resolver conflitos, interactuar con outras persoas e grupos respectando unhas normas, interpretar fenómenos e problemas sociais... Os diferentes aspectos que se tratarán desde esta área, como a empresa e a responsabilidade social, o espírito emprendedor, a creatividade e a innovación, o papel do Estado e as administracións públicas nas empresas, o valor social do diñeiro, os intermediarios financeiros na sociedade, a análise dos impostos con respecto ao benestar social, os dereitos e deberes dos consumidores no mundo do negocio, etc., permitirán ao alumnado a obtención dos coñecementos e as habilidades necesarios para o desenvolvemento desta competencia.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

A área de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial céntrase sobre todo

no desenvolvemento desta competencia, a cal implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Desde esta área, desenvolveranse capacidades e habilidades no alumnado relacionadas coa autonomía persoal, o liderado e a creatividade, e habilidades empresariais como a planificación, a organización, a xestión e a toma de decisións, a participación, o liderado e a delegación, o pensamento crítico, o sentido da responsabilidade, o recoñecemento de fortalezas e debilidades dun mesmo e dun proxecto, a avaliación, a asunción de riscos, o plan de mercadotecnia, a xestión de recursos materiais e humanos, a xeración de ideas creativas, o recoñecemento de oportunidades de negocio, o deseño dun plan de negocio, a análise de viabilidade, etc.

APRENDER A APRENDER

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe do día a día do noso alumnado nos diferentes contextos nos que se encontre. Desde esta área adestramos aspectos como a capacidade para iniciar, organizar e persistir no proxecto empresarial, polo que esixe que o alumnado se motive para levar a cabo as diferentes accións, recoñeza as súas fortalezas e as aproveite, coñeza e controle os procesos levados a cabo, utilice diferentes estratexias para o coñecemento dos aspectos relacionados coa autonomía persoal, así como que coñeza os mecanismos de creación de empresas e as finanzas e desenvolva o seu pensamento crítico e creativo para o descubrimento de novas posibilidades. Todo iso co obxectivo de mellorar o noso contorno e avaliar se se alcanzan os obxectivos preestablecidos.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as contingencias cubertas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
comercial.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCCT
Bloque 2. Proxecto de empresa.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
Bloque 3. Finanzas.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA

III. OBXECTIVOS

A. DA ETAPA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e

social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

B. DA MATERIA

1. Identificar as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e empresarias e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.

2. Investigar con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional do contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas razoando os requirimentos para o desempeño profesional en cada un deles.

3. Deseñar un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do contorno coas calidades e aspiracións persoais valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.

4. Identificar as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras e persoas empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.

5. Distinguir os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais comprobándoos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.

6. Describir as bases do sistema da Seguridade Social, así como as obrigas de persoas traballadoras e persoas empresarias dentro deste, valorando a súa acción protectora ante as distintas continxencias cubertas e describindo as prestacións mediante buscas nas webs institucionais.

7. Identificar as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis relevantes no ámbito indicando os métodos de prevención legalmente establecidos así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.

8. Determinar a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as características e tomando parte na actividade que esta desenvolve.

9. Identificar as características internas e externas do proxecto de empresa así como os elementos que constitúen a rede desta: mercado, provedores, clientes, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, e outros.

10. Describir a relación do proxecto de empresa co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento identificando os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial.

11. Manexar como usuario ou usuaria a nivel básico a aplicación informática de control e seguimento de clientes, provedores e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal para a organización da información do proxecto de empresa.

12. Transmitir información entre as distintas áreas e a clientes internos e externos do proxecto de empresa recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación e aplicando o tratamento protocolario adecuado mediante medios telemáticos e presenciais.

13. Crear materiais de difusión e publicidade dos produtos e/ou servizos do proxecto de empresa incluíndo un plan de comunicación en internet e en redes sociais aplicando os principios da mercadotecnia.

14. Desempeñar tarefas de produción e/ou comercialización no proxecto de empresa tomando decisións, traballando en equipo e cumprindo os prazos e obxectivos e propoñendo melloras segundo un plan de control prefixado.

15. Recompilar datos sobre os diferentes apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo coma do territorial, nacional ou europeo seleccionando as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado.

16. Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas relacionándoo coas esixencias de capital e responsabilidades que son apropiadas para cada tipo.

17. Enumerar as administracións públicas que teñen relación coa posta en marcha de empresas recompilando por vía telemática os principais documentos que se derivan da posta en funcionamento.

18. Valorar as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas describindo os trámites que se deben realizar.

19. Determinar os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa distinguindo as principais partidas relacionadas nun balance de situación.

20. Caracterizar de forma básica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.

21. Presentar un estudo de viabilidade económico-financeira a medio prazo do proxecto de empresa aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas segundo un estudo do contorno mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo manexando ratios financeiras básicas.

22. Analizar os produtos financeiros máis adecuados de entre as entidades financeiras do contorno para cada tipo de empresa valorando o custo e o risco de cada un deles e seleccionando os máis adecuado para o proxecto de empresa.

23. Identificar as obrigas fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico de IAE, IVE, IRPF e IS indicando as principais diferenzas entre eles e valorando a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.

IV. UNIDADES DIDÁCTICAS: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

UNIDADE 1. O ITINERARIO FORMATIVO E PROFESIONAL

OBXECTIVOS CURRICULARES		
a,b,e,g,h		
CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES 4.º ESO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. AUTONOMÍA PERSOAL, LIDERADO E INNOVACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Autonomía e autoconocimiento. A iniciativa emprendedora e o empresario na sociedade • Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. • Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. O autoemprego. O proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> • O autoconocimiento. • O itinerario formativo. • O itinerario profesional. • A elección dun itinerario. • O mercado laboral. • Identificación das calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas emprendedoras. • Identificación do itinerario formativo, necesario para adquirir determinadas competencias. • Identificación do itinerario profesional, necesario para adquirir determinadas competencias para o emprego. • Recoñecemento do perfil específico dun posto de traballo. • Organización da información necesaria para elixir un itinerario. • Deseño dun proxecto de carreira profesional 	<p>B1-1. Describir as calidades persoais e destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requirimentos dos distintos postos de traballo e actividades empresariais.</p> <p>B1-2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio, comprendendo as posibilidades de emprego, autoemprego e carreira profesional en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.</p>

	<p>valorando a opción do autoemprego.</p> <ul style="list-style-type: none">• Aproximación ao proceso de procura de emprego.• Recoñecemento do autoemprego como alternativa ao proceso de procura de traballo.• Análise dunha empresa en Internet.	
--	--	--

BLOQUE 1. AUTONOMÍA PERSOAL, LIDERADO E INNOVACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO CONSECUCCIÓN	SESIÓNS	COMPETENCIAS
B1-1. Describir as calidades persoais e destrezas asociadas á iniciativa emprendedora analizando os requirimentos dos distintos postos de traballo e actividades empresariais.	B1-1.1. Identifica as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.	<ul style="list-style-type: none"> • O autoconocimiento. • O itinerario formativo. • O itinerario profesional. • A elección dun itinerario. • O mercado laboral. • Identificación das calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas emprendedoras. • Identificación do itinerario formativo, necesario para adquirir determinadas competencias. • Identificación do itinerario profesional, necesario para adquirir determinadas competencias para o emprego. 	8	CL CD AA SC IE
	B1-1.2. Investiga con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional da contorna, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas razoando os requirimentos para o desempeño profesional en cada un deles.	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecemento do perfil específico dun posto de traballo. • Organización da información necesaria para elixir un itinerario. • Análise dunha empresa en Internet. 	10	
B1-2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, autoemprego e carreira profesional en relación coas	B1-2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades da contorna coas calidades e aspiracións persoais, valorando a	<ul style="list-style-type: none"> • Deseño dun proxecto de carreira profesional valorando a opción do autoemprego. 	3	SC IE

habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida.	opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.	<ul style="list-style-type: none"> • Aproximación ao proceso de procura de emprego. • Recoñecemento do autoemprego como alternativa ao proceso de procura de traballo. 		
---	---	--	--	--

RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN
	Observación directa das tarefas realizadas. Comportamento e asistencia. Probas escritas e orais. Traballos propostos escritos e orais	Diario de clase. Resultados das probas escritas e orais. Resultados dos traballos escritos e orais

UNIDADE 2. AS RELACIÓNS LABORAIS

OBXECTIVOS CURRICULARES0B		
a,b,c,d,e,g,k		
CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES 4.º ESO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. AUTONOMÍA PERSOAL, LIDERADO E INNOVACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • O dereito do traballo. • Dereitos e deberes derivados da relación laboral. • Contrato de traballo e a negociación colectiva. • Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e Desemprego. • Protección do traballador e beneficios sociais. • Os riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> • O Dereito do traballo. • O traballo. • Dereitos e deberes básicos do traballador. • O contrato de traballo. Características básicas. • Modalidades de contratos de traballo. • A Seguridade Social e o desemprego. • As prestacións sociais. • O desemprego. • Os riscos laborais. • Dereitos e deberes básicos fronte aos riscos laborais. • Riscos xerais. Factores de risco. Caídas, golpes e atrapamientos. Risco eléctrico. Máquinas e ferramentas. Riscos psicosociais. Medidas preventivas básicas fronte a riscos psicosociais. Síntomas de intoxicación. A actitude postural. Trastornos músculo-esqueléticos por posturas inadecuadas. • Identificación das características da relación laboral. • Coñecemento do obxecto e causa dun contrato: o consentimento. • Interpretación dun contrato de traballo. • Distinción del tipo de contrato adecuado. 	<p>B1-3. Actuar como un futuro traballador responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada así como comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.</p>

	<ul style="list-style-type: none">• Cálculo do tempo de cobro do desemprego.• Localización do número da Seguridade Social no cartón sanitario.• Preparación corporal e normas a seguir á hora de estudar.• Realización dun breve cuestionario para ser consciente do nivel de tensión que ten unha persoa.• Motivación por manter unha postura e actitudes sas e correctas á hora de estudar.• Valoración do papel da Seguridade Social respecto dos traballadores e empresarial.• Curiosidade por coñecer os distintos tipos de contrato de traballo.	
--	--	--

BLOQUE 1. AUTONOMÍA PERSOAL, LIDERADO E INNOVACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO CONSECUCIÓN	SESIÓNS	COMPETENCIAS
B1-3. Actuar como un futuro traballador responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada así como comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais.	B1-3.1. Identifica as normas e institucións que interveñen nas relacións entre persoas traballadoras e acodes empresarias relacionándoas co funcionamento do mercado de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> • O Dereito do traballo. • O traballo. 	3	SC IE
	B1-3.2. Distingue os dereitos e obrigacións que se derivan das relacións laborais comprobándoos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.	<ul style="list-style-type: none"> • Dereitos e deberes básicos do traballador. • O contrato de traballo. Características básicas. • Modalidades de contratos de traballo. • Identificación das características da relación laboral. • Coñecemento do obxecto e causa dun contrato: o consentimento. • Interpretación dun contrato de traballo. • Distinción del tipo de contrato adecuado. 	2	SC IE
	B1-3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social, así como as obrigacións de persoas traballadoras e acodes empresarias dentro deste, valorando a súa acción protectora ante as distintas continxencias cubertas e	<ul style="list-style-type: none"> • A Seguridade Social e o desemprego. • As prestacións sociais. • O desemprego. • Cálculo do tempo de cobro do 	3	CL SC IE

	<p>describindo as prestacións mediante procuras nas webs institucionais.</p>	<p>desemprego.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Localización do número da Seguridade Social no cartón sanitario. • Valoración do papel da Seguridade Social respecto dos traballadores e empresarial. 		
	<p>B1-3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis relevantes na contorna indicando os métodos de prevención legalmente establecidos así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Os riscos laborais. • Dereitos e deberes básicos fronte aos riscos laborais. • Riscos xerais. Factores de risco. Caídas, golpes e atrapamientos. Risco eléctrico. Máquinas e ferramentas. Riscos psicosociais. Medidas preventivas básicas fronte a riscos psicosociais. Síntomas de intoxicación. A actitude postural. Trastornos músculo-esqueléticos por posturas inadecuadas • Preparación corporal e normas a seguir á hora de estudar. • Realización dun breve cuestionario para ser consciente do nivel de tensión que ten unha persoa. • Motivación por manter unha postura e actitudes sas e correctas á hora de estudar. 	<p>4</p>	<p>SC IE</p>

	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN
RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	Observación directa das tarefas realizadas. Comportamento e asistencia. Probas escritas e orais. Traballos propostos escritos e orais	Diario de clase. Resultados das probas escritas e orais. Resultados dos traballos escritos e orais

UNIDADE 3. A INICIATIVA EMPREENDEDORA

OBECTIVOS CURRICULARES		
a,b,c,e,f,g,h,k		
CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES 4.º ESO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. AUTONOMÍA PERSOAL, LIDERADO E INNOVACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Autonomía e autoconocimiento. A iniciativa emprendedora e o empresario na sociedade. • Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. • Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. O autoemprego. O proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> • O emprendimento e a sociedade. • Os valores e as habilidades do empresario. • As habilidades persoais. A creatividade e a innovación. A responsabilidade. A autoestima. A aversión ao risco. A tenacidade e o espírito de superación. • As habilidades sociais. O liderado. A habilidade negociadora. • Coñecemento das habilidades para emprender. • Reflexión sobre as empresas do a súa contorna. • Diferenciación entre creatividade e innovación. • Clasificación dalgúns tipos de innovación. • Asociación de calidades persoais e sociais cun tipo de liderado. • Realización de exercicios mentais potenciadores da autoestima. • Descrición e comprensión dos principais tipos de negociación. • Motivación por coñecer como poden desenvolverse as habilidades persoais e sociais. 	<p>B1-1. Describir as calidades persoais e destrezas asociadas á iniciativa emprendedora analizando os requirimentos dos distintos postos de traballo e actividades empresariais.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES 4.º ESO	CONTIDOS DA UNIDADE	
BLOQUE 2. PROXECTO DE EMPRESA <ul style="list-style-type: none"> Avaliación da idea. A contorna, o rol social da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> O emprendimento e a sociedade. Reflexión sobre as empresas do a súa contorna. Diferenciación entre creatividade e innovación. Clasificación dalgúns tipos de innovación. Interese por coñecer as diferentes formas de innovación. 	B2-1. Crear un proxecto de empresa na aula describindo as características internas e a súa relación coa contorna así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores, clientes, sistemas de produción e comercialización e redes de almacenaxe entre outros.

BLOQUE 1. AUTONOMÍA PERSOAL, LIDERADO E INNOVACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO CONSECUCIÓN	SESIÓNS	COMPETENCIAS
B1-1. Describir as calidades persoais e destrezas asociadas á iniciativa emprendedora analizando os requirimentos dos distintos postos de traballo e actividades empresariais.	B1-1.1. Identifica as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.	<ul style="list-style-type: none"> O emprendimento e a sociedade. Os valores e as habilidades do empresario. As habilidades persoais. A creatividade e a innovación. A responsabilidade. A autoestima. A aversión ao risco. A tenacidade e o espírito de superación. As habilidades sociais. O liderado. A habilidade negociadora. Coñecemento das habilidades para emprender. Reflexión sobre as empresas do a súa contorna. 	8	CL SC IE CD AA IE

		<ul style="list-style-type: none"> • Diferenciación entre creatividade e innovación. • Clasificación dalgúns tipos de innovación. • Asociación de calidades persoais e sociais cun tipo de liderado. • Realización de exercicios mentais potenciadores da autoestima. • Descrición e comprensión dos principais tipos de negociación. • Motivación por coñecer como poden desenvolverse as habilidades persoais e sociais. 		
--	--	--	--	--

BLOQUE 2. PROXECTO DE EMPRESA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO CONSECUCCIÓN	SESIÓNS	COMPETENCIAS
B2-1. Crear un proxecto de empresa na aula describindo as características internas e a súa relación coa contorna así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores, clientes, sistemas de produción e comercialización e redes de almacenaxe entre outros.	B2-1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as características e tomando parte na actividade que esta desenvolve.	<ul style="list-style-type: none"> • O emprendimento e a sociedade. • Reflexión sobre as empresas do a súa contorna. • Diferenciación entre creatividade e innovación. • Clasificación dalgúns tipos de innovación. • Interese por coñecer as diferentes formas de innovación. 	8	IE

	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN
RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	Observación directa das tarefas realizadas. Comportamento e asistencia. Probas escritas e orais. Traballos propostos escritos e orais	Diario de clase. Resultados das probas escritas e orais. Resultados dos traballos escritos e orais

UNIDADE 4. O PROXECTO EMPRENDEDOR

OBXECTIVOS CURRICULARES		
a,b,c,d,e,f,g,h,i		
CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES 4.º ESO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. AUTONOMÍA PERSOAL, LIDERADO E INNOVACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • Autonomía e autoconocimiento. A iniciativa emprendedora e o empresario na sociedade. • Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. • Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. O autoemprego. O proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> • emprendimiento e a sociedade. • Os valores e as habilidades do empresario. • As habilidades persoais. A creatividade e a innovación. A responsabilidade. A autoestima. A aversión ao risco. A tenacidade e o espírito de superación. • As habilidades sociais. O liderado. A habilidade negociadora. • Coñecemento das habilidades para emprender. • Procura de información acerca das diferentes áreas de actividade profesional da contorna, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha. • Motivación por coñecer como poden desenvolverse as habilidades persoais e sociais. 	<p>B1-1. Describir as calidades persoais e destrezas asociadas á iniciativa emprendedora analizando os requirimentos dos distintos postos de traballo e actividades empresariais.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES 4.º ESO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 2. PROXECTO DE EMPRESA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Avaliación da idea. A contorna, o rol social da empresa. • Elementos e estrutura da empresa. • O plan de empresa. • Información na empresa. A información contable. A información de recursos humanos. Os documentos comerciais de cobro e pago. O Arquivo. • As actividades na empresa. A función de produción. A función comercial e de mercadotecnia. • Axudas e apoio á creación de empresas. 	<ul style="list-style-type: none"> • A idea emprendedora. • O pensamento lateral. • Técnicas básicas para pensar de forma creativa. • Fases para xerar ideas de negocio. • A empresa. • Funcións básicas da empresa. • A organización da empresa. Organigramas básicos. • O plan de empresa. Características. A estrutura. A idea e a súa descrición. A contorna e a empresa. A empresa e os seus recursos. A creación e a posta en marcha da empresa. A viabilidade. • Desenvolvemento do pensamento lateral e identificación das fases de xeración de ideas. • Descrición das funcións da empresa. • Identificación dos apartados básicos dun plan emprendedor. • Avaliación previa da viabilidade da idea dun negocio. • Curiosidade por coñecer os compoñentes e factores que levan á existencia dunha idea emprendedora. 	<p>B2-1. Crear un proxecto de empresa na aula describindo as características internas e a súa relación coa contorna así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores, clientes, sistemas de produción e comercialización e redes de almacenaxe entre outros.</p>

BLOQUE 1. AUTONOMÍA PERSOAL, LIDERADO E INNOVACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO CONSECUCIÓN	SESIÓNS	COMPETENCIAS
B1-1. Describir as calidades persoais e destrezas asociadas á iniciativa emprendedora analizando os requirimentos dos distintos postos de traballo e actividades empresariais.	B1-1.1. Identifica as calidades persoais, actitudes, aspiracións e formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, describindo a actividade dos empresarios e o seu rol na xeración de traballo e benestar social.	<ul style="list-style-type: none"> • O emprendimento e a sociedade. • Os valores e as habilidades do empresario. • As habilidades persoais. A creatividade e a innovación. A responsabilidade. A autoestima. A aversión ao risco. A tenacidade e o espírito de superación. • As habilidades sociais. O liderado. A habilidade negociadora. • Coñecemento das habilidades para emprender. 	8	CL SC IE
	B1-1.2. Investiga con medios telemáticos as diferentes áreas de actividade profesional da contorna, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha delas razoando os requirimentos para o desempeño profesional en cada un deles.	<ul style="list-style-type: none"> • Procura de información acerca das diferentes áreas de actividade profesional da contorna, os tipos de empresa que as desenvolven e os diferentes postos de traballo en cada unha. • Motivación por coñecer como poden desenvolverse as habilidades persoais e sociais 	10	CD AA IE

BLOQUE 2. PROXECTO DE EMPRESA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO CONSECUCIÓN	SESIÓNS	COMPETENCIAS
<p>B2-1. Crear un proxecto de empresa na aula describindo as características internas e a súa relación coa contorna así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores, clientes, sistemas de produción e comercialización e redes de almacenaxe entre outros.</p>	<p>B2-1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa identificando as características e tomando parte na actividade que esta desenvolve.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A idea emprendedora. • O pensamento lateral. • Técnicas básicas para pensar de forma creativa. • Fases para xerar ideas de negocio. • A empresa. • Funcións básicas da empresa. • A organización da empresa. Organigramas básicos. 	8	IE
Os aspectos a diagnosticar serán: as concepcións iniciais que teñen sobre a materia, as estratexias de razoamento, o dominio do vocabulario (xeral, non só económico) e tamén as actitudes e hábitos de traballo.

Os procedementos que usaremos para conseguir o exposto anteriormente serán:

- Preguntas abertas, plantexadas de forma oral, que faciliten a verbalización da interpretación de fenómenos económicos ou relacionados co mundo da empresa. O dominio xeral da linguaxe e un vocabulario rico, se consideran aspectos a ter moi en conta para o plantexamento das clases posteriores.

- Solicitud de información ós titores, orientación (de considerarse necesario) e profesorado do/s curso/s anterior/es.

Isto levarase a cabo tamén nas diferentes unidades didácticas, insistindo na detección de erros conceptuais e no proceso de aprendizaxe significativa.

XII. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

As vixentes disposicións e normas, indican que debe darse un tratamento específico ós alumnos que polas súas circunstancias o precisen, e realizar consecuentemente as adaptacións curriculares precisas. Neste senso propónse unha introdución progresiva ós conceptos, termos e argumentos económicos.

O proceso de avaliación é un apartado axeitado para realizar o tratamento diferenciado, polas distintas características do alumnado. Utilizando as diferentes actividades propostas detectaremos as carencias e necesidades máis importantes,

propondo as tarefas axeitadas para que se poda alcanzar o obxectivo final, contando ademais coa colaboración do Departamento de Orientación do centro.

XIII. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, e o respecto e a consideración ás vítimas de calquera tipo de violencia.

Se fará fincapé especial nos seguintes elementos transversais:

- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- O tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación
- Emprendemento: análise e interpretación de datos e elaboración de conclusións razoadas
- Valores persoais: respecto os compañeiros do traballo en grupo e aos demais equipos.

XIV. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Actividade :Obradoiro de consumo . Escola Galega de Consumo

XV. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

- Sinalar que toda programación debe ser aberta, flexible e pode ser revisada en calquera momento para adaptarse a situacións imprevistas que poden darse ao longo do curso.

LEENDA DA ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se alcanzan os mínimos
	Insuficiente	1	Se omiten elementos fundamentais do indicador
	Básico	2	Se evidencia cumprimento suficiente do indicador
	Competente	3	Se evidencian prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador
	Excelente	4	Se evidencian modelos de referencia de boas

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE ANALIZAR COMO PARTE DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	0	1	2	3	4
Se organizaron e secuenciaron os estándares de aprendizaxe avaliados en relación ás distintas unidades de programación					
Se asocian os estándares de aprendizaxe avaliados, os instrumentos de avaliación e o indicador de logro					
Defínese avaliación inicial e as consecuencias dos seus resultados					
Se definen programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación					
Se prestan axudas para a animación a lectura e desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita					
Incorporación das TIC nos procesos de ensino aprendizaxe					
Se relacionan procedimentos e instrumentos de avaliación variados					
Se aplican a metodoloxía e os recursos e materias didácticos establecidos					
Se realizan as actividades extraescolares e complementarias establecidas					
Tratamento dos temas transversais no proceso de ensino					
Coordinación a nivel horizontal con outros profesores do nivel					

XVI. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Tal como establece o apartado 5 do artigo 21 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, ó comezo de cada curso, o Departamento de Economía, a través do seu profesorado, informará a cada grupo de alumnos e alumnas dos obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe esixibles para obter unha valoración positiva nas materias de Iniciación á Actividade emprendedora e Empresarial, Economía 4º ESO, Economía 1º Bacharelato e Economía de la Empresa; así como do procedemento e dos instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación que se empregarán.

Sen prexuízo do anterior, esta información estará tamén exposta publicamente nos espazos que se consideren axeitados así como na web do centro.

ECONOMÍA 4º ESO

I.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	76
II.	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS ...	80
III.	OBXECTIVOS.....	86
IV.	UNIDADES DIDÁCTICAS: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	92
V.	METODOLOXÍA.....	196
VI.	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	197
VII.	AVALIACIÓN:CRITERIOS,PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.	198
VIII.	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	202
IX.	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	205
X.	CONTIDOS MÍNIMOS	206
XI.	DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS ...	211
XII.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN.....	212
XIII.	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVESAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.....	212
XIV.	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	213
XV.	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	213
XVI.	INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS	214

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Xustificación da programación

O presente documento ofrece un modelo de Programación didáctica para a materia de Economía de 4º ESO. Con esta programación preténdese planificar o traballo docente de unha maneira eficaz, organizando o proceso de aprendizaxe dos alumnus e alumnas.

Sinalar que toda programación debe ser aberta, flexible e pode ser revisada en calquera momento para adaptarse a situacións imprevistas que poden darse ao longo do curso.

O Departamento

A presente programación corresponde ó curso 2016/17, no que se impartirán as materias de:

4º DA ESO

Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial

Economía

BACHARELATO

Economía 1º BAC

Economía da Empresa 2º BAC

Fundamentos de Administración e Xestión 2º BAC

- Carmen González Feijoo Xefa de Departamento

- Dolores Rey Varela

A profesora Carmen González Feijoo impartirá: Economía 4ºESO, Iniciación a Actividade Emprendedora e Empresarial e Fundamentos de Administración e Xestión

A profesora Dolores Rey Varela impartirá: Economía de 1º de Bacharelato y Economía da Empresa

Marco lexislativo

Normativa estatal:

Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE 03/01/2015).

Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre compétenencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE 29/01/2015).

Real Decreto 310/2016, de 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato.

Normativa autonómica:

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para vos centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e regúlase o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións non curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

A contorna

Estas materias impartiranse nun centro de Ensino Medio, radicado nunha vila do noroeste de Galicia.

Neda, é un concello dos ribereños da ría de Ferrol, limita o norte con concello de Narón, o sur co de Fene e A Capela e o leste con San Sadurniño. Conta cunha poboación en torno aos seis mil habitantes e unha superficie en (km²) de 23,8.

É un dos concellos da comarca de Ferrolterra, zona que tivo unha industria naval moi importante pero que na actualidade sufriu grandes crises e reconversións, repercutindo na situación económica e social da poboación.

Por todo o anteriormente referido o nivel socioeconómico da zona é medio- baixo dentro do contexto galego.

O Centro

O IES FERNANDO ESQUIO é un centro que conta na actualidade con 225 alumnos e alumnas Impártese a ESO, BACHARELATO e PFF AFB.

Fundamentos da materia

O estudo e a formación en economía fanse absolutamente necesarios nun contexto moi globalizado, no que as relacións económicas son cada vez máis complexas. A economía está presente en todos os aspectos da nosa vida cotiá, calquera cidadán necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica que é utilizado polos economistas e os medios de comunicación para analizar eses feitos. A realidade non pode entenderse correctamente sen considerar o comportamento económico, individual e colectivo, das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como a produción e organización dos bens e servizos que se necesitan para iso, e a distribución dos recursos escasos.

O estudo da economía axuda a percibir e coñecer o mundo que nos rodea, e posibilita analizar e profundar nas relacións humanas desde aspectos micro e macroeconómicos, incluíndo diferentes variables de contexto; facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na economía e no mundo empresarial, potencia as habilidades e destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de forma crítica a sociedade na que nos desenvolvemos; ademais, contribúe a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas ao facer fronte ao estudo e investigación de diversos temas, o coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o medio ambiente, etc., un coñecemento matemático e estatístico, así

como unha habilidade de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir as ideas e conclusións con argumentos e evidencias empíricas, un sólido sentido da ética e respecto ao ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

Quizais o que mellor distingue á economía como disciplina doutras nas ciencias sociais non é o seu obxecto, senón o seu enfoque.

A día de hoxe cobran máis valor, si cabe, os coñecementos económicos pola importancia de contar con cidadáns solventes e informados e pola relevancia dunha boa administración dos recursos dun país, o que mostra a gran transcendencia social da economía pois o seu coñecemento contribúe a fomentar a mellora na calidade de vida, o progreso e o benestar social.

O estudo da economía proporciona, xunto coa formación técnica, unha serie de competencias en traballo en equipo, habilidades de comunicación, iniciativa e liderado, así como o estímulo do espírito emprendedor.

Os bloques de contidos que se abordan na área de Economía son os seguintes:

- Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica.
- Bloque 2. A actividade produtiva.
- Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos.
- Bloque 4. A macroeconomía.
- Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía.
- Bloque 6. O contexto internacional da Economía.

II. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Na área de Economía incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Está vinculada con prácticas sociais que permiten ao individuo comportarse como axente comunicativo que produce e recibe mensaxes a través da lingua con distintas finalidades. É un instrumento fundamental para a socialización que vai permitir o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e o pluralismo, a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia e a resolución de conflitos. Nesta materia porase de manifesto esta competencia para que o alumnado coñeza e utilice correctamente diferentes termos relacionados coa área de Economía, para explicitar a diferenza entre economía normativa e positiva, para distinguir entre os diferentes formas societarias, para explicar a importancia do aforro e o control do gasto nunha economía persoal, para comprender o contido e significado dos diferentes soportes documentais bancarios. Tamén se utilizará para que poida expresar de forma razoada os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos xeralmente utilizados para a súa redistribución, para explicar e valorar as causas da inflación, desemprego e valorar o proceso de integración na Unión Europea.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Estas competencias esixen condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas á capacidade crítica e visión razoada e razoable das persoas. A competencia matemática que implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto a través das áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, vai ser amplamente utilizada na nosa disciplina, posto que gran parte dos acontecementos económicos son abordados mediante a realización de cálculos, gráficos e expresións algebraicas. En concreto, utilizarase esta competencia matemática para analizar gráficamente o custo de

oportunidade, coñecer as distintas formas de financiamento das empresas, elaborar orzamentos personalizados e utilizar instrumentos gráficos para a súa representación, coñecer cuantitativa e gráficamente os ingresos e gastos do Estado, e valorar os datos e gráficos relacionados con diferentes magnitudes como os tipos de interese, a inflación e o desemprego.

Tamén a competencia en ciencia e tecnoloxía vaise a desenvolver desde a nosa disciplina, xa que será imprescindible a utilización destes coñecementos para concienciarse da necesidade de alcanzar un desenvolvemento sustentable e da realización de actividades económicas que respecten o medio ambiente e fagan unha utilización racional dos recursos naturais dispoñibles.

COMPETENCIA DIXITAL

Implica o uso creativo, crítico e seguro das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, de tal forma que permite adquirir habilidades e actitudes necesarias para ser competente nunha contorna dixital. A nosa materia vai axudar á consecución desta competencia por canto a maior parte da información que se utiliza no ámbito económico obtense de páxinas web e outras fontes de Internet. O alumnado utilizará programas informáticos para a elaboración de gráficos e análises de datos económicos, elaboración de orzamentos e plans financeiros individualizados e tamén na elaboración e presentación de traballos, tanto persoais como grupais.

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

Resulta imprescindible para a aprendizaxe permanente e caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. En economía o mundo que estudamos é moi cambiante, polo que os alumnos e as alumnas deberán de ser capaces de asimilar novos coñecementos e situacións que só desenvolvendo esta competencia poderán adquirir. As destrezas e actitudes que integran esta competencia evidéncianse na capacidade para coñecer as obrigacións fiscais da empresa segundo o seu sector de actividade e os seus distintos cambios ao longo do tempo, comprender as necesidades de planificación financeira ao longo da vida, recoñecer a necesidade de ler todos e cada un dos documentos bancarios que se nos presenten, e investigar os ámbitos de oportunidades de emprego.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

Implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade e para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados. A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo que desenvolve actitudes e valores como a integridade e a honestidade. O coñecemento dos efectos sociais e ambientais das empresas, o funcionamento básico dos impostos, a relevancia social do aforro e o investimento, o coñecemento dos efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma, as causas do desemprego e as súas principais repercusións económicas permitirán aos alumnos e as alumnas alcanzar as destrezas, actitudes e valores implícitos nesta competencia.

COMPETENCIA CÍVICA

Se basea no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, todos eles necesarios para comprender e entender as experiencias colectivas e a organización e funcionamento do pasado e presente das sociedades e en particular da organización económica das mesmas. Nun mundo tan globalizado, onde o fenómeno migratorio é tan importante, será necesario desenvolver un espírito aberto, positivo e solidario respecto doutras culturas que, cada vez máis, vanse incorporando á nosa.

COMPETENCIA SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

Implica a capacidade de transformar as ideas en actos, permitindo o aproveitamento de novas oportunidades que inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados. Nesta materia desenvolveranse as capacidades integradas nesta competencia a través dos seguintes contidos: as decisións básicas da economía, o coñecemento das relacións entre as economías domésticas e as empresas, a empresa e o empresario, as distintas formas xurídicas das empresas, o risco e a necesidade de diversificación, a capacidade para recoñecer oportunidades existentes para actividades comerciais e profesionais, e a capacidade de negociación nas distintas operacións mercantís e financeiras. Esta competencia pode ser a que máis se desenvolva na nosa materia posto que inclúe a capacidade de comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento económico das sociedades, a organización e os procesos empresariais, así como a postura ética das organizacións.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica	
ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	CCL CSC
ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	CAA CD
ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	CCL
ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	CAA CSC
ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	CD CMCCT
ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	CMCCT CSC
ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	CMCCT CSC
Bloque 2. A actividade produtiva.	
ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	CMCCT CSIEE
ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CAA CD
ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	CSIEE CSC
ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	CMCCT CSC
ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	CD CSC
ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo	CCL

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CD CMCCT
ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	CD CMCCT
ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	CD CMCCT
ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	CSC
Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos.	
ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	CAA CD CMCCT
ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	CAA CD CMCCT
ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	CAA CD CMCCT
ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	CAA CSIEE
ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	CAA CSC
ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	CAA CSC
ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	CCL CMCCT
ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL CAA CD
ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	CAA CD
ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de	CCL

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CD CMCCT
ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA CCL CMCCT
Bloque 4. A macroeconomía	
ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	CMCCT CSC
ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	CD CMCCT
ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	CMCCT CSC
ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	CCL CSC
ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	CCL CMCCT
ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	CCL CMCCT CSC
ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	CAA CD CMCCT
Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía	
ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CSC
ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	CCL CMCCT CSC
ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	CD CMCCT
ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CMCCT CSC
ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	CD CSC
ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	CAA CD

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 6. O contexto internacional da Economía.	
ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	CAA CSC
ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	CCL CSC
ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	CAA CD CSC
ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	CCL CD CSC
ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	CAA CSC

III. OBXECTIVOS

A. DA ETAPA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de

violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

B. DA MATERIA

1. Recoñecer a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de toda economía e comprender que toda elección supón renunciar a outras alternativas e que toda decisión ten consecuencias.
2. Diferenciar formas diversas de abordar e resolver problemas económicos e identificar as súas vantaxes e inconvenientes, así como as súas limitacións.
3. Comprender e utilizar correctamente diferentes termos da área de Economía.
4. Diferenciar entre economía positiva e economía normativa.
5. Representar e analizar gráficamente o custo de oportunidade mediante a Fronteira de Posibilidades de Produción.
6. Representar as relacións que se establecen entre as economías domésticas e das empresas.
7. Aplicar razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da súa contorna.
8. Distinguir as diferentes formas xurídicas das empresas e relacionalas coas esixencias requiridas de capital para a súa constitución e responsabilidades legais para cada tipo.
9. Valorar as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso en función das características concretas aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.
10. Identificar os diferentes tipos de empresas e empresarios que actúan na súa contorna, así como a forma de interrelacionar co seu ámbito máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.
11. Indicar os distintos tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.

12. Identificar os diferentes sectores económicos, así como os seus retos e oportunidades.
13. Explicar as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interna, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.
14. Diferenciar os ingresos e custos xerais dunha empresa e identificar o seu beneficio ou perda, aplicando razoamentos matemáticos para a interpretación de resultados.
15. Identificar as obrigacións fiscais das empresas segundo a actividade, sinalando o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.
16. Valorar a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.
17. Elaborar e realizar un seguimento a un orzamento ou plan financeiro personalizado, identificando cada un dos ingresos e gastos.
18. Utilizar ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.
19. Manexar gráficos de análises que lle permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.
20. Comprender as necesidades de planificación e de manexo dos asuntos financeiros ao longo da vida. Dita planificación vincúlase á previsión realizada en cada unha das etapas de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.
21. Coñecer e explicar a relevancia do aforro e do control do gasto.
22. Analizar as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco, e seleccionar a decisión máis adecuada para cada momento.
23. Comprender os termos fundamentais e describir o funcionamento na operativa coas contas bancarias.

24. Valorar e comprobar a necesidade de ler detidamente os documentos que presentan os bancos, así como a importancia da seguridade cando a relación prodúcese por Internet.

25. Recoñecer o feito de que se poden negociar as condicións que presentan as entidades financeiras e analizar o procedemento de reclamación ante as mesmas.

26. Identificar e explicar as distintas modalidades de cartóns que existen, así como o esencial da seguridade cando se opera con cartóns.

27. Identificar e diferenciar os distintos tipos de seguros segundo os riscos ou situacións adversas nas diversas etapas da vida.

28. Identificar as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comentar as súas relacións.

29. Analizar e interpretar datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e gastos do Estado.

30. Distinguir nos diferentes ciclos económicos o comportamento dos ingresos e gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.

31. Comprender e expresar as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.

32. Coñecer e describir os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma.

33. Describir o fenómeno do desemprego e valorar as súas principais repercusións económicas e sociais.

34. Valorar e interpretar datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de interese, inflación e desemprego.

35. Describir as causas do desemprego e valorar as súas principais repercusións económicas e sociais.

36. Analizar os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.

37. Investigar e recoñecer ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego.
38. Valorar o grao de interconexión das diferentes economías de todos os países do mundo e aplicar a perspectiva global para emitir xuízos críticos.
39. Explicar as razóns que xustifican e inflúen no intercambio económico entre países.
40. Analizar acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.
41. Coñecer e enumerar vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.
42. Reflexionar sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.

IV. UNIDADES DIDÁCTICAS: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

UNIDADE 1. INTRODUCCIÓN Á ECONOMÍA

OBXECTIVOS		
a,b,c,d,e,f,g,h		
CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DE 4.º DE ESO	CONTIDOS DA UNIDADE	
BLOQUE 1. IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS <ul style="list-style-type: none"> • A Economía e o seu impacto na vida dos cidadáns. • A escaseza, a elección e a asignación derec ursos. O custo de oportunidade. • Como se estuda en Economía. Un acercamiento aos modelos económicos. • As relacións económicas básicas e a súa representación. 	<ul style="list-style-type: none"> • As necesidades das persoas. Necesidades individuais. Necesidades colectivas. • A pirámide de Maslow. • Os bens. Características físicas. Función. Grao de transformación. • A actividade económica. A escaseza de recursos. A especialización. Inconvenientes. • Definición de Economía. As ramas da Economía. A Economía Aplicada. A Teoría Económica. Macroeconomía. Microeconomía. • Principais sistemas económicos. Sistema económico tradicional. Sistema económico planificado. Sistema económico de libre mercado. Sistema económico mixto. • O método da Economía. As variables económicas. • Clasificación das necesidades dos individuos. • Categorización e diferenciación dos tipos de bens. 	<p>B1-1. Explicar a economía como ciencia social valorando o impacto permanente das decisións económicas na vida dos cidadáns.</p> <p>B1-2. Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e co uso dos modelos económicos.</p> <p>B1-3. Tomar conciencia dos principios básicos da Economía que se aplican nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e necesidades.</p>

	<ul style="list-style-type: none">• Elaboración de exemplos de intercambios derivados da especialización produtiva.• Comparación de sistemas económicos.• Estimación do grao de intervención do Estado nunha economía.• Interpretación de gráficos e variables económicas.• Actitudes de autonomía e iniciativa e responsabilidade na toma de decisións.• Actitudes de participación activa e cooperativa nos traballos, debates, actividades e interaccións da aula.	
--	--	--

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DE 4.º DE ESO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 4. ECONOMÍA E INGRESOS E GASTOS DO ESTADO</p> <ul style="list-style-type: none"> Os ingresos e gastos do Estado. Desigualdades económicas e distribución da renda. 	<ul style="list-style-type: none"> Interpretación de gráficos e variables económicas Localización, selección, organización e exposición de información de textos e imaxes para completar actividades, traballos e proxectos (oralmente e/ou por escrito), manifestando a comprensión dos contidos da unidade. Localización, selección e organización de información nos medios dixitais. 	<p>B4-1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, así como interpretar gráficos onde se mostre dita distribución.</p> <p>B4-3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.</p>
<p>BLOQUE 5. ECONOMÍA E TIPOS DE INTERESE, INFLACIÓN E DESEMPREGO</p> <ul style="list-style-type: none"> O desemprego e as políticas contra o desemprego. 	<ul style="list-style-type: none"> O método da Economía. As variables económicas. Estimación do grao de intervención do Estado nunha economía. Interpretación de gráficos sobre variables económicas. 	<p>B5-2. Interpretar datos e gráficos vinculados cos conceptos de tipos de interese, inflación e desemprego.</p>

BLOQUE 1. IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO CONSECUCIÓN	SESIÓNS	COMPETENCIAS
B1-1. Explicar a economía como ciencia social valorando o impacto permanente das decisións económicas na vida dos cidadáns. ²	B1-1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de toda economía, e comprende que toda elección supón renunciar a outras alternativas e que toda decisión ten consecuencias.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica de forma adecuada os conceptos de escaseza de recursos e bens. 	2	CL SC IE
	B1-1.2. Diferencia formas diversas de abordar e resolver problemas económicos e identifica as súas vantaxes e inconvenientes, así como as súas limitacións.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica distintas formas de abordar e resolver problemas económicos. Mostra actitudes de interese, esforzo e responsabilidade na execución de accións e tarefas, e de autonomía na toma de decisións. Participa de forma activa, empática, respectuosa e cooperativa nos traballos e as interaccións da aula. 	2	AA SC IE
B1-2. Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e co uso dos modelos económicos.	B1-2.1. Comprende e utiliza correctamente diferentes termos da área da economía.	<ul style="list-style-type: none"> Comprende, explica e utiliza correctamente diferentes termos da área da economía. Localiza, selecciona, organiza e expón información adquirida en textos e imaxes para completar as súas actividades, traballos e proxectos. Expón conclusións xustificando e fundamentando os seus argumentos, e comunica dita información oralmente e/ou por escrito. 	1	CL AA SC

BLOQUE 1. IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO CONSECUCIÓN	SESIÓNS	COMPETENCIAS
B1-2. Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e co uso dos modelos económicos.	B1-2.2. Diferenza entre economía positiva e economía normativa.	<ul style="list-style-type: none"> Comprende a diferenza entre economía positiva e economía normativa. 	1	AA SC
B1-3. Tomar conciencia dos principios básicos da economía que se aplican nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e necesidades.	B1-3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	<ul style="list-style-type: none"> Comprende a diferenza entre economía positiva e economía normativa. 	1	AA SC IE
	B1-3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da súa contorna.	<ul style="list-style-type: none"> Distingue distintas formas de abordar e resolver problemas económicos da súa contorna 	1	AA SC IE

BLOQUE 4. ECONOMÍA E INGRESOS E GASTOS DO ESTADO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO CONSECUCCIÓN	SESIÓNS	COMPETENCIAS
B4-1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, así como interpretar gráficos onde se mostre dita distribución.	B4-1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e gastos do Estado.	<ul style="list-style-type: none"> Analiza e interpreta datos e gráficos relacionados cos ingresos e gastos do Estado 	2	CL CMCT AA SC
B4-3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	B4-3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica os efectos que produce a desigualdade da renda na poboación 	1	CL AA SC

BLOQUE 5. ECONOMÍA E TIPOS DE INTERESE, INFLACIÓN E DESEMPREGO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO CONSECUCCIÓN	SESIÓNS	COMPETENCIAS
B5-2. Interpretar datos e gráficos vinculados cos conceptos de tipos de interese, inflación e desemprego.	B5-2.1. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de interese, inflación e desemprego.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica os efectos que produce a desigualdade da renda na poboación 	1	CL AA SC

RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN
	Observación directa das tarefas realizadas. Comportamento e asistencia. Probas escritas e orais. Traballos propostos escritos e orais	Diario de clase. Resultados das probas escritas e orais. Resultados dos traballos escritos e orais

UNIDADE 2. PRODUCCIÓN E CRECEMENTO

OBJECTIVOS CURRICULARES		
a,b,e,f,g,h,k		
CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS</p> <ul style="list-style-type: none"> • A Economía e o seu impacto na vida dos cidadáns. • A escaseza, a elección e a asignación de recursos. O custo de oportunidade. • Como se estuda en Economía. Un achegamento aos modelos económicos. • As relacións económicas básicas e a súa representación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación dos recursos renovables e non renovables. • Hipótese sobre causas e consecuencias das condicións de desigualdade no acceso aos recursos naturais entre persoas, pobos e países, e sobre as influencias do desenvolvemento económico sobre o medioambiente. • O custo da oportunidade. • Interpretación de gráficos e variables económicas. • La Frontera de posibilidades de producción (FPP): interpretación e elaboración de gráficos. A influencia da tecnoloxía. • Localización, selección e organización de información nos medios dixitais. 	<p>B1-1. Explicar a Economía como ciencia social valorando o impacto permanente das decisións económicas na vida dos cidadáns.</p> <p>B1-2. Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e co uso dos modelos económicos.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
BLOQUE 2. ECONOMÍA E EMPRESAS <ul style="list-style-type: none"> • A empresa e o empresario. • Proceso productivo e factores produtivos. • Fontes de financiamento das empresas. Ingresos, custos e beneficios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Que é a produción dunha empresa, os elementos que interveñen e a súa función. • Limitacións na produción de bens e servizos. • Os factores de produción, os tipos, e os recursos que os integran: a terra, o capital, o traballo e a iniciativa empresarial. • A tecnoloxía, a eficiencia produtiva e a produtividade definindo relacións entre elas. • Comparación entre sistemas produtivos. • A expansión da produción. • Os sectores produtivos e as formas de relación entre eles. • A lei de rendementos marxinais decrecientes e a súa influencia na produción dunha economía. 	B2-2. Analizar as características principais do proceso produtivo.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<ul style="list-style-type: none"> • BLOQUE 4. ECONOMÍA E INGRESOS E GASTOS DO ESTADO • Os ingresos e gastos do Estado. • A deuda pública e o déficit público. • Desigualdades económicas e distribución da renda. 	<ul style="list-style-type: none"> • Análise e interpretación de datos e gráficos relacionados cos ingresos e gastos do Estado. • A evolución da poboación activa en España. • Interpretación e explicación da terciarización da poboación española. • A situación de España fronte ao resto dos países industrializados respecto da produtividade por hora traballada. • O Gasto en I+D nos países da UE. • O concepto de renda. • Reflexións sobre as relacións de desigualdade no acceso aos recursos económicos e territoriais. 	<p>B4-1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado así como interpretar gráficos onde se mostre dita distribución.</p> <p>B4-3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.</p>
<ul style="list-style-type: none"> • BLOQUE 5. ECONOMÍA E TIPOS DE INTERESE, INFLACIÓN E DESEMPREGO • O desemprego e as políticas contra o desemprego. 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación e interpretación de gráficos sobre a evolución da poboación activa en España, e causas e consecuencias da súa redución. 	<p>B5-2. Interpretar datos e gráficos vinculados cos conceptos de tipos de interese, inflación e desemprego.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
BLOQUE 6. ECONOMÍA INTERNACIONAL <ul style="list-style-type: none"> • A consideración económica do medioambiente: a sustentabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • A explotación sostida dos recursos naturais. • Adquisición e valoración de condutas que contribúen á protección do medio ambiente e a sustentabilidade da vida. 	B6-1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e o medio ambiente.

BLOQUE 1. IDEAS ECONÓMICAS BÁSICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMO CONSECUCIÓN	SESIÓNS	COMPETENCIAS
B1-1. Explicar a Economía como ciencia social valorando o impacto permanente das decisións económicas na vida dos cidadáns.	B1-1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de toda Economía e comprende que toda elección supón renunciar a outras alternativas e que toda decisión ten consecuencias.	<ul style="list-style-type: none"> • Explica o factor terra e os recursos renovables e non renovables. • Fai hipótese sobre causas e consecuencias das condicións de desigualdade no acceso aos recursos naturais entre persoas, pobos e países, e sobre as influencias do desenvolvemento económico sobre o medioambiente. 	2	CL SC IE
	B1-1.2. Diferencia formas diversas de abordar e resolver problemas económicos e identifica as súas vantaxes e inconvenientes, así como as súas limitacións.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica distintas formas de abordar e resolver problemas económicos. • Mostra actitudes de interese, esforzo e responsabilidade na execución de accións e tarefas, e de autonomía na toma de decisións. Participa de forma activa, empática, respectuosa e cooperativa nos traballos e as interaccións da aula. 	2	AA SC IE
B1-2. Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e co uso dos modelos económicos.	B1-2.1. Comprende e utiliza correctamente diferentes termos da área da Economía.	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende, explica e utiliza correctamente diferentes termos da área da economía. • Localiza, selecciona, organiza e expón información adquirida en textos e imaxes para completar as súas actividades, traballos e 	1	CL AA SC

		proyectos. Expón conclusións xustificando e fundamentando os seus argumentos, e comunica dita información oralmente e/ou por escrito.		
--	--	---	--	--

- A comprensión e asimilación dos coñecementos fundamentais.
- A obtención e utilización de información.
- A participación no traballo, tanto individual como en grupo. VER RÚBRICA

CLASE.

- A iniciativa do alumno/a.
- A presentación dos traballos propostos.
- A cantidade e calidade das tarefas realizadas. VER RÚBRICA CLASE.
- As probas escritas e orais que a profesora considere oportunas.
- Comportamento e asistencia dos alumnos/as: VER RÚBRICA CLASE.

b.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación a utilizar serán os seguintes:

- Seguimento da asistencia regular á clase.
- Observación dos/as alumnos/as na aula e seguimento do seu traballo diario.
- Traballos realizados en grupo tanto orais coma escritos.
- Presentación dos traballos: calidade e limpeza.
- Resultado das probas escritas e orais propostas pola profesora.

Se non fora posible deixar rexistros das observacións ou traballos complementarios desenvolto na aula, a avaliación efectuarase de forma exclusiva en base aos resultados acadados nas probas orais, escritas e observacións recollidas polo profesor.

C. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

A nota resultará dos resultados dos alumnos nos contidos teóricos, procedementos e actitudes en conxunto.

En concreto, na cualificación de **conceptos teóricos** valorarase a realización dun esquema ou introdución previa e presentación organizada dos mesmos.

Nas cuestións que contrastan conceptos será causa de eliminación total do apartado se se pon a definición íntegra dos mesmos sen realizar a comparación.

Nos procedementos prácticos será preciso expoñer primeiro a fórmula teórica a aplicar, os resultados coas respectivas unidades, comparación dos resultados cos de anos posteriores e anteriores.

Nos traballos presentados e probas tanto por escrito coma en soporte informático valorarásese:

- Correspondencia coa realidade.
- Pulcritude na presentación.
- Expresar as fórmulas dos procedementos matemáticos empregados.
- Expresión das unidades das magnitudes medidas.
- Correcta confección de documentos de acordo o nivel de habilidades, destrezas e capacidades do alumno.
- Redacción de conclusión dos resultados calculados.
- Secuencia completa de fichas establecida individualmente para o alumno.
- Elaboración de índices de contidos.
- Correcto arquivo dos traballos en soporte informático nas carpetas correspondentes..

No traballo, esforzo e **actitude en clase** anexamos RÚBRICA DE AVALIACIÓN.

A existencia de apercibimentos verbais ou por escrito valorarase neste apartado reducindo a nota de clase proporcionalmente segundo a gravidade.

CONFORMACIÓN DA CUALIFICACIÓN FINAL GLOBAL:

A nota conformarase nun 80% por traballos e probas escritas recollidas. Éstas deberán terse superado nun 40% de contidos, sempre que na nota global da avaliación se chege a un 50% de contidos..

Nun 20% por procedementos (coma traballos diarios, exercicios, exposicións e artigos relacionados co que se comenta nas explicacións) e actitude. Para o seu cálculo farase a seguinte rúbrica:

GRAO DE CONSECUCIÓN	INCOMPLETO	NORMAL	MOI BEN
ASISTENCIA REGULAR E SEGUIMIENTO DAS EXPLICACIÓNS, DÚBIDAS	-0,2(POR CADA APERCIBIMENTO)	0	0,2
PARTICIPACIÓN NAS CHAMADAS DE CLASE E TAREFAS DIARIAS ENCOMENDADAS.	-0,2(POR CADA APERCIBIMENTO)	0,4	0,8
TRABALLOS E EXPOSICIÓN	0	0,3	0,6
SABE COLABORAR E TER INICITIVA NOS TRABALLOS GRUPAIS	-0,2	0	0,2
RESPECTO CARA OS PROFESORES E COMPAÑEIROS	-0,4 (POR CADA APERCIBIMENTO ESCRITO)	0	0,2

No caso de que un alumno ou alumna non acade o 50% dos contidos, a avaliación estará suspensa, non podendo sumarse os outros elementos da nota correspondentes a procedementos e actitude. Terá que facer a recuperación o finalizar o trimestre de toda a materia impartida cos mesmos criterios de cualificación.

Cando un alumno non se presente a unha proba, deberá xustificar a falta con un documento oficial para que se lle poida repetir noutra data. No caso de que non se xustifique a nota da proba é de 0 puntos.

Cando se atope a un alumno o alumna copiando nunha proba será eliminado da mesma e a súa nota será de 0 puntos.

O alumno deberá ter superadas as tres avaliacións para aprobar o curso. O peso de cada avaliación será o mesmo na conformación da cualificación final.

A non asistencia regular á clase implicará a perda do dereito á avaliación continua e ós criterios xerais de avaliación anteriormente expostos. Os alumnos que superen o número de faltas que figuren nas Normas de organización e funcionamento:

- Terán que presentar todos os traballos e exercicios realizados ó longo do curso, aqueles que fosen realizados en grupo, entegarnos de forma individual. A súa cualificación terá que ser igual ou superior a 5.

VIII. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

1. PLANIFICACIÓN

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
PLANIFICACION	1. Programar a asignatura tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	2. Programar a asignatura tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
	3. Seleccionar e secuenciar de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
	4. Programar actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5. Planificar as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	6. Establecer os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoevaluación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	7. Coordinar co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afines ca asignatura.		

2. MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
MOTIVACION DEL ALUMNADO	1. Proporcionar un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	2. Suscitar situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos?).		
	3. Relacionar as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidad.		
	4. Informar sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.		
	5. Relacionar os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimular a participación activa dos estudantes en clase.		
	7. Promuever a reflexión dos temas tratados.		

3. DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
DESARROLLO DE LA ENSEÑANZA	1. Resumir as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas?		
	2. Cando introduce conceptos novos, relacionanse, si é posible, cos xa coñecidos; intercalando preguntas aclaratorias; exemplos...		
	3. Ter predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		
	4. Optimizar o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utilizar axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos no aula.		
	6. Promuever o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolver os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
	8. Suscitar actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Suscitar actividades grupales e individuais.		

IX. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

ALUMNOS CON AVALIACIÓNS SUSPENSAS

A efectos da recuperación desta materia para aqueles alumnos que ao final do periodo non alcancen os obxectivos establecidos en cada unha das partes do mesmo deseñaranse actividades específicas.

A realización de ditas actividades completarase cunha proba final de carácter obxectivo de carácter teórico-práctico, ca mesma estrutura que a proba de avaliación, na que o alumno deberá de poñer en práctica as capacidades adquiridas ó longo de curso e ca realización das actividades indicadas.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

En setembro efectuarase unha convocatoria extraordinaria na data que a tal efecto se sinala pola dirección do centro. En dita convocatoria acudirase ca materia completa, con independencia de cal sexa a parte suspensa polo alumnado.

Dado as características especiais desta convocatoria, os instrumentos de avaliación redúcense a unha proba escrita que se valorará sobre dez puntos e non sobre oito coma no resto do curso. Porén os criterios de avaliación e contidos mínimos serán idénticos en tódalas convocatorias.

RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE.

A recuperación da materia para o alumnado que a teña pendente en segundo de bacharelato efectuarase nas datas que fixe a dirección do centro cunhas probas parciais e final que manterán a estrutura das probas obxectivas de avaliación e versará sobre os contidos mínimos recollidos nesta programación.

Os contidos seran:

Primeira proba : Temas do 1 – 6.

Segunda proba : Temas 7 – 15.

Proba final : Toda a materia.

Para superala materia habera que obter unha puntuación polo menos de 5 puntos en cada unha das probas parciais e a cualificación final será a nota media das dúas puntuacións obtidas. Para superla materia haberá que obter unha puntuación mínima de 5 puntos. No caso de ter que ir a proba final para superala materia haberá que obter polo menos unha puntuación de 5 puntos.

Poñerose á disposición do profesor – titor de pendentos todo o material que se considere necesario para facilitar ó alumnado o proceso de recuperación da materia. En calqueira caso corresponderalle ao alumnado reclamar dito material complementario, facilitándosele dende o departamento o acceso ao mesmo.

X. CONTIDOS MÍNIMOS

UD 1

- O método da ciencia económica.
- Saber que é un problema de natureza económica e que non o é.

Distinguir tipos de necesidades, e os bens e servizos que as satisfán.

- A ciencia económica.
- O método da ciencia económica.

Describir as principais actividades económicas e a súa evolución.

- A ciencia económica.
- As necesidades humanas.
- Os bens que satisfán as necesidades.
- A actividade económica.
- O método da ciencia económica.

- Saber que é un problema de natureza económica e que non o é.
- Distinguir tipos de necesidades, e os bens e servizos que as satisfán.

Describir as principais actividades económicas e a súa evolución.

UD 2

- Os factores produtivos.
- Os axentes económicos.
- A restrición orzamentaria das familias.
- A estrutura xurídica das empresas.
- O fluxo circular da renda.
- O fracaso empresarial.
- Economía na túa vida.

Como calcular os intereses dos teus investimentos

UD 3

- O sistema económico.
- A tradición económica como sistema.
- A economía planificada.
- A economía de mercado.
- As economías mixtas.

As doutrinas económicas.

UD 4

- A produción.
- As economías de escala.
- Os custos de produción.
- A maximización dos beneficios.
- Fronteira de Posibilidades de Produción.

O limiar de rendibilidade ou punto morto.

UD 5

- O mercado. Supostos de partida.
- A oferta.
- A demanda.
- A elasticidade.
- O equilibrio do mercado.

O desprazamento da oferta e a demanda.

UD 6

- Clasificación dos mercados.
- Mercado de competencia perfecta.
- A competencia imperfecta.
- Bens públicos e bens de propiedade común.
- As externalidades.
- A información imperfecta.

Índices de concentración de mercado.

UD 7

- A distribución da renda.
- A renda dos axentes: o mercado de factores.
- A distribución da renda.

A función distributiva do Estado.

UD 8

- Os indicadores de crecemento económico.

- O crecemento económico.
- A política de crecemento.
- Os límites do crecemento.
- A economía mergullada.
- O comportamento do consumo.

A produtividade e o PIB en España.

UD 9

- Ciclos económicos.
- O desemprego.
- A inflación.
- O ciclo económico a curto prazo na economía española.
- Diferenzas entre a inflación percibida e a inflación rexistrada.

A taxa natural de paro.

UD 10

- Os obxectivos e os instrumentos do sector público.
- Os ingresos públicos.
- O gasto público.
- O déficit público.

A política fiscal.

UD 11

- O diñeiro.
- O sistema financeiro.
- A supervisión do sistema financeiro.
- O trueque e os seus condicionantes.

Os créditos e os préstamos bancarios

UD 12

- O mercado monetario.
- As consecuencias da política monetaria.
- Os instrumentos monetarios do BCE.
- A trampa da liquidez.

O equilibrio macroeconómico e a política económica.

UD 13

- O comercio internacional.
- As causas do comercio internacional.
- As vantaxes e as desvantaxes do comercio.
- Os instrumentos de protección comercial.
- A integración económica.

O proceso de integración europea.

UD 14

- A balanza de pagos.
- O mercado de divisas.
- A globalización económica.
- A balanza de pagos de España.
- A paridade dos tipos de interese.

As vantaxes e as desvantaxes do euro.

UD 15

- Os desequilibrios estruturais como problemas económicos.
- O subdesarrollo.

O medio ambiente e o desenvolvemento sustentable.

XI. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA

DOS SEUS RESULTADOS .

No inicio do curso farase unha avaliación inicial cuxo principal obxectivo é a unha detección das ideas previas do alumnado sobre a economía e o empresariado do noso país, comprobar que métodos de traballo coñecen e que información posúen sobre algúns conceptos moi xerais. Isto permitiranos concretar e adaptar os aspectos metodolóxicos da nosa labor docente ao nivel e necesidades do noso alumnado.

Os aspectos a diagnosticar serán: as concepcións iniciais que teñen sobre a materia, as estratexias de razoamento, o dominio do vocabulario (xeral, non só económico) e tamén as actitudes e hábitos de traballo.

Os procedementos que usaremos para conseguir o exposto anteriormente serán:

- Preguntas abertas, plantexadas de forma oral, que faciliten a verbalización da interpretación de fenómenos económicos ou relacionados co mundo da empresa. O dominio xeral da linguaxe e un vocabulario rico, se consideran aspectos a ter moi en conta para o plantexamento das clases posteriores.

- Solicitud de información ós titores, orientación (de considerarse necesario) e profesorado do/s curso/s anterior/es.

Isto levarase a cabo tamén nas diferentes unidades didácticas, insistindo na detección de erros conceptuais e no proceso de aprendizaxe significativa.

XII. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

As vixentes disposicións e normas, indican que debe darse un tratamento específico ós alumnos que polas súas circunstancias o precisen, e realizar consecuentemente as adaptacións curriculares precisas. Neste senso propónse unha introdución progresiva ós conceptos, termos e argumentos económicos.

O proceso de avaliación é un apartado axeitado para realizar o tratamento diferenciado, polas distintas características do alumnado. Utilizando as diferentes actividades propostas detectaremos as carencias e necesidades máis importantes, propoñendo as tarefas axeitadas para que se poda alcanzar o obxectivo final, contando ademais coa colaboración do Departamento de Orientación do centro.

XIII. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, e o respecto e a consideración ás vítimas de calquera tipo de violencia.

Se fará fincapé especial nos seguintes elementos transversais:

- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- O tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación
- Emprendemento: análise e interpretación de datos e elaboración de conclusións razoadas
- Valores persoais: respecto os compañeiros do traballo en grupo e aos demais equipos.

XIV. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Actividade :Visita á empresa Hijos de Cándido Hermida en Narón.

XV. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

LENDAS DA ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se alcanzan os mínimos
	Insuficiente	1	Se omiten elementos fundamentais do indicador
	Básico	2	Se evidencia cumprimento suficiente do indicador
	Competente	3	Se evidencian prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador
	Excelente	4	Se evidencian modelos de referencia de boas

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE ANALIZAR COMO PARTE DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	0	1	2	3	4
Se organizaron e secuenciaron os estándares de aprendizaxe avaliados en relación ás distintas unidades de programación					
Se asocian os estándares de aprendizaxe avaliados, os instrumentos de avaliación e o indicador de logro					
Defínese avaliación inicial e as consecuencias dos seus resultados					
Se definen programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación					
Se prestan axudas para a animación a lectura e desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita					
Incorporación das TIC nos procesos de ensino aprendizaxe					
Se relacionan procedimentos e instrumentos de avaliación variados					
Se aplican a metodoloxía e os recursos e materiais didácticos establecidos					
Se realizan as actividades extraescolares e complementarias establecidas					
Tratamento dos temas transversais no proceso de ensino					
Coordinación a nivel horizontal con outros profesores do nivel					

XVI. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Tal como establece o apartado 5 do artigo 21 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, ó comezo de cada curso, o Departamento de Economía, a través do seu profesorado,

informará a cada grupo de alumnos e alumnas dos obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe esixibles para obter unha valoración positiva nas materias de Iniciación á Actividade emprendedora e Empresarial, Economía 4º ESO, Economía 1º Bacharelato e Economía de la Empresa; así como do procedemento e dos instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación que se empregarán.

Sen prexuízo do anterior, esta información estará tamén exposta publicamente nos espazos que se consideren axeitados así como na web do centro.

ECONOMÍA DA EMPRESA

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	307
II. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS .	310
III. OBXECTIVOS	318
IV. UNIDADES DIDÁCTICAS: OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	324
V. METODOLOXÍA	377
VI. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	378
VII. AVALIACIÓN: CRITERIOS, PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.	380
VIII. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	384
IX. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	387
X. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.	388
XI. CONTIDOS MÍNIMOS.....	388
XII. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS ...	398
XIII. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN	399
XIV. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVESAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.....	399
XV. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	400
XVI. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	400
XVII. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS	401

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Xustificación da programación

O presente documento ofrece un modelo de Programación didáctica para a materia de Economía da Empresa de 2º de Bacharelato. Con esta programación preténdese planificar o traballo docente de unha maneira eficaz, organizando o proceso de aprendizaxe dos alumnus e alumnas.

Sinalar que toda programación debe ser aberta, flexible e pode ser revisada en calquera momento para adaptarse a situacións imprevistas que poden darse ao longo do curso.

O Departamento

A presente programación corresponde ó curso 2016/17, no que se impartirán as materias de:

4º DA ESO

Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial

Economía

BACHARELATO

Economía 1º BAC

Economía da Empresa 2º BAC

Fundamentos de Administración e Xestión 2º BAC

- Carmen González Feijoo Xefa de Departamento

- Dolores Rey Varela

A profesora Carmen González Feijoo impartirá: Economía 4ºESO, Iniciación a Actividade Emprendedoa e Empresarial e Fundamentos de Administración e Xestión

A profesora Dolores Rey Varela impartirá: Economía de 1º de Bacharelato y Economía da Empresa

Marco lexislativo

Normativa estatal:

Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE 03/01/2015).

Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre compétenascias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE 29/01/2015).

Real Decreto 310/2016, de 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato.

Normativa autonómica:

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para vos centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e regúlase o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións non curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

A contorna

Estas materias impartiranse nun centro de Ensino Medio, radicado nunha vila do noroeste de Galicia.

Neda, é un concello dos ribereños da ría de Ferrol, limita o norte con concello de Narón, o sur co de Fene e A Capela e o leste con San Sadurniño. Conta cunha poboación en torno aos seis mil habitantes e unha superficie en (km²) de 23,8.

É un dos concellos da comarca de Ferrolterra, zona que tivo unha industria naval moi importante pero que na actualidade sufriu grandes crises e reconversións, repercutindo na situación económica e social da poboación.

Por todo o anteriormente referido o nivel socioeconómico da zona é medio- baixo dentro do contexto galego.

O Centro

O IES FERNANDO ESQUIO é un centro que conta na actualidade con 225 alumnos e alumnas Impártese a ESO, BACHARELATO e PFF AFB.

Fundamentos da materia

A Economía da Empresa estuda e analiza respostas para os problemas económicos que se expoñen no seo da empresa; o seu obxectivo é avanzar na análise da moderna organización e administración de empresas, cun enfoque completo e actualizado.

O coñecemento sobre a empresa é un paso esencial para alcanzar a entender o funcionamento do conxunto da economía, pois o que sucede no interior das empresas é tan substancial como o que ocorre nunha contorna económica máis amplo. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, tipos de organización e funcionamento e factores que influyen na toma de decisións.

A empresa ten como función producir bens e servizos para o mercado en situacións de competencia e capacidade financeira, elixindo para iso una das variadas formas xurídicas referidas polo dereito. Esta función da empresa posibilita que cada ser humano poida facer compatible a especialización do traballo coa satisfacción das súas numerosas e diversas necesidades. En contornas cambiantes e diferentes, a flexibilidade e a adaptación ás transformacións tecnolóxicas, legais e doutro tipo albíscanse como

fundamentais para a toma das mellores solucións posibles en cada momento. O desenvolvemento da actividade empresarial debe estar guiado pola ética e a responsabilidade social, que mostran o transcendental do como ademais do que dos puros resultados.

A empresa é unha catalizador clave para o crecemento económico, a innovación, o emprego e a integración social. É primordial cultivar e fomentar unha cultura e forma de pensar empresarial, onde se exercite e creza a creatividade e o espírito de innovación, incentívese a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a visualización do erro como fonte de progreso e aprendizaxe.

A área de Economía da Empresa para 2.º curso de Bacharelato organízase nos seguintes bloques:

- **Bloque 1.** A empresa.
- **Bloque 2.** Desenvolvemento da empresa.
- **Bloque 3.** Organización e dirección da empresa.
- **Bloque 4.** A función produtiva.
- **Bloque 5.** A función comercial da empresa.
- **Bloque 6.** A información na empresa.
- **Bloque 7.** A función financeira.

II. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Na área de Economía de la Empresa incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Iniciación do alumno no coñecemento da linguaxe e a terminoloxía técnica básica do mundo empresarial e en especial do Dereito mercantil, do Dereito laboral, do Dereito tributario e do Dereito contable.

Análise da publicidade e dos instrumentos de comunicación que empregan as empresas para persuadir aos seus clientes de que compren os seus produtos.

Fomento da lectura a través de tarefas contextualizadas como poden ser as actividades de investigación en empresas da contorna e a análise de artigos xornalísticos sobre a realidade empresarial.

Desenvolvemento de actitudes e valores propios desta competencia a través das tarefas interactivas, como a choiva de ideas, os debates, os traballos grupales por proxectos, nos que se promoverá o respecto cara ás opinións dos demais e desenvolverase o espírito crítico.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)

Resolución e interpretación de exercicios de produtividade: produtividade dun factor, produtividade global e taxa de variación da produtividade.

Cálculo, representación e interpretación de ingresos e custos e en especial de exercicios de punto morto e producir ou comprar.

Resolución de casos prácticos sobre o ciclo de inventario dunha empresa.

Confección de balances e contas de resultados e a súa análise mediante cocientes económico-financeiros.

Resolución de exercicios de selección de investimentos mediante a utilización de métodos dinámicos e estáticos.

Resolución de casos prácticos sobre as distintas opcións de financiamento que posúen as empresas.

Habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións de carácter económico (táboas, estatísticas, gráficos, etc.) vinculados co tecido empresarial e procedentes de distintos tipos de fontes de información.

Reflexión sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e a innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Procura, obtención e tratamento de información oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia acerca da realidade empresarial a través de internet.

Utilización de programas informáticos para a elaboración, de gráficos, análises de datos, desenvolvemento de orzamentos e plans financeiros, que conducen a unha maior alfabetización dixital.

Consulta de páxinas web propostas polo docente ou por propia iniciativa do alumno.

Utilización de simuladores online de creación ou xestión de empresas.

Creación de presentacións e producións audiovisuais sinxelas sobre contidos de asignatura.

Obtención de fragmentos de películas que aborden contidos curriculares mediante ferramentas de edición de vídeo.

APRENDER A APRENDER (CPAA)

Procesos de resolución de problemas mediante os que os alumnos deben planificar estratexias, asumir retos, e tomar decisións en escenarios de incertidumbre.

Formulación de actividades variadas, de iniciación, reforzo e ampliación que van esixir ao alumnado un esforzo tanto memorístico como de planificación, organización, síntese e integración que lle permitan ser consciente das súas propias capacidades.

Capacidade de aplicar o razoamento en supostos concretos:

Clasificación das empresas; relación entre as economías de escala coa dimensión óptima da empresa; reflexión sobre a división técnica do traballo nun contexto global; adopción de medidas correctoras ante posibles desaxustes patrimoniais; relación entre a produtividade e os salarios dos traballadores ou entre o control de inventarios e a produtividade da empresa; adaptación das diferentes estratexias de mercadotecnia a casos concretos; correspondencia entre investimentos e o seu financiamento e valoración da

importancia da información na toma de decisións.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

Tratamento da responsabilidade social e medioambiental; a ética nas actuacións empresariais; a análise do impacto social da estratexia de desenvolvemento das multinacionais; a división do traballo desde unha perspectiva global; a importancia dos recursos humanos nunha empresa; a investigación e a innovación tecnolóxica como alicerces da competitividade e a súa repercusión na calidade de vida; a achega que supoñen as obrigacións fiscais á riqueza nacional; o coñecemento dos órganos de goberno das distintas formas xurídicas e o seu funcionamento, en especial o estudo das empresas de economía social e o carácter democrático das sociedades cooperativas.

Fomento dunha actitude crítica cara ás consecuencias negativas que xera a actividade produtiva - custos sociais- así como fronte a aquelas prácticas desaprensivas que levan a cabo algunhas empresas multinacionais en países non desenvolvidos co único afán de obter o máximo beneficio.

Diferenciación das prácticas comerciais considera- das non éticas ou de dubidosa moralidade que pretenden enganar ao consumidor, das que son lícitas e aceptables, fomentando o coñecemento dos mecanismos existentes para a defensa dos seus dereitos como consumidores.

Coñecemento dos dereitos básicos dos traballadores/as e o recoñecemento da igualdade entre homes e mulleres, facendo especial fincapé nas medidas de conciliación da vida laboral e familiar.

Consciencia do papel actual do alumno na economía como consumidor, aforrador, contribu- yente, usuario de bens e servizos públicos e no

SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

A área de Economía da Empresa céntrase sobre todo no desenvolvemento desta competencia, a cal implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Desde esta área, desenvolveranse capacidades e habilidades no alumnado relacionadas coa autonomía persoal, o liderado e a creatividade, e habilidades empresariais como a planificación, a organización, a xestión e a toma de decisións, a participación, o liderado e a delegación, o pensamento crítico, o sentido da responsabilidade, o recoñecemento de

fortalezas e debilidades dun mesmo e dun proxecto, a avaliación, a asunción de riscos, o plan de mercadotecnia, a xestión de recursos materiais e humanos, a xeración de ideas creativas, o recoñecemento de oportunidades de negocio, o deseño dun plan de negocio, a análise de viabilidade, etc.

Coñecemento dos determinantes nas decisións da localización e dimensión dunha empresa.

Coñecer os trámites necesarios para crear unha empresa (elección da formaxurídica), contratación dos empregados, interpretación das contas anuais e análise económico financeiro das mesmas.

Promoción da iniciativa empresarial coma vía de inserción laboral.

Afianzamento do espírito emprendedor.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CEC)

Comecemento das distintas manifestacións da área empresarial no mundo do deseño, publicidade e comunicación comercial.

Recoñecemento da necesidade de coñecer ós clientes para poder segmentar os mercados e a adaptacións ós seus gustos e preferencias.

Desenvolver actividades creativas e artísticas na publicidade e deseño dos produtos.

Recoñecemento da importancia do patrocinio das empresas a actividades que indiquen a súa responsabilidade social.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A empresa	
EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	CD CMCCT CSIE
EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CD CMCCT
EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a	CAA CD CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.	
EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	CCL CSIEE
EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.	CD CMCCT CSC CSIEE
EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.	CD CSC CSIEE
EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.	CSC CSIEE
Bloque 2. Desenvolvemento da empresa.	
EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.	CCL CMCCT
EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.	CD CMCCT CSIEE
EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.	CCL CMCCT CSIEE
EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.	CAA CD CMCCT
EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	CSC CSIEE
EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.	CCL CSC CMCCT
EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.	CD CMCCT CSC
Bloque 3. Organización e dirección da empresa	
EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.	CMCCT CSC
EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización	CCL CMCCT CSIEE

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
informal da empresa.	
EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.	CD CMCCT CSIEE
EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.	CAA CD CSC CSIEE
EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.	CAA CMCCT CSIEE
EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.	CAA CSC CSIEE
Bloque 4. A función produtiva	
EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.	CD CMCCT
EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as.	CMCCT CSC
EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.	CAA CMCCT CSC
EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	CD CMCCT
EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.	CD CMCCT
EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.	CD CMCCT
EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.	CMCCT CSIEE
EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	CD CMCCT
EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.	CD CMCCT
EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.	CMCCT CSIEE
Bloque 5. A función comercial da empresa	
EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.	CSIEE

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.	CAA CD CMCCT
EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.	CD CMCCT CSC CSIEE
EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.	CCL CMCCT
EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.	CD CMCCT
EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.	CD CMCCT CSC
EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.	CCL CMCCT
EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	CD CMCCT CSC
Bloque 6. A información na empresa	
EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.	CMCCT CSIEE
EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.	CMCCT
EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.	CAA
EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no aparcamento da empresa, mediante a utilización de rateos.	CMCCT
EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.	CAA CSIEE
EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.	CMCCT CD
EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.	CMCCT CSIEE
EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.	CAA CSIEE
EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.	CD CMCCT
EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.	CD CMCCT CSIEE

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.	CMCCT CSIEE
EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.	CCL CMCCT
EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.	CSC
Bloque 7. A función financeira	
EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.	CD CSIEE CMCCT
EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.	CD CMCCT
EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.	CCL CMCCT
EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.	CAA CD CMCCT
EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.	CAA CMCCT CSIEE
EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.	CMCCT CSIEE
EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.	CAA CMCCT
EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.	CD CMCCT
EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.	CCL CMCCT CSIEE
EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.	CMCCT CAA CD

III. OBXECTIVOS

A. DA ETAPA

- a) *Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española*

así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.*
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar críticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.*
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.*
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa Comunidade Autónoma.*
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.*
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.*
- h) Coñecer e valorar críticamente as realidades de mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora da súa contorna social.*
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.*
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.*

- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.*
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.*
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.*
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.*

Estes obxectivos son retomados polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, que matiza e concreta algún dos anteriores e engade o seguinte:

- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.*

B. DA MATERIA

1. Coñecer a natureza da empresa, as súas funcións na economía e os seus diferentes tipos.

2. Coñecer a función do empresario, a súa evolución e o seu papel na empresa.

3. Facer unha primeira aproximación de conxunto aos diferentes elementos que compoñen a empresa.

4. Aprender a natureza e a función de cada elemento e as áreas funcionais da empresa.

5. Entender que a empresa se move nunha contorna económica, social, cultural e político ao que inflúe e que inflúe sobre ela.

6. Aprender os factores dos que depende o diferente tamaño das empresas e as formas en que se produce o crecemento da empresa, con especial referencia aos procesos de internacionalización que lle afectan.

7. Coñecer os efectos da globalización sobre o funcionamento da empresa, a natureza da nova empresa global e os requirimentos de responsabilidade social que cada día son máis importantes.

8. Coñecer os efectos da globalización na vida empresarial.

9. Coñecer os procesos, os elementos e as fases da función comercial.

10. Coñecer os métodos para investigar a natureza dos mercados e ser consciente da súa importancia.

11. Aprender o significado e a natureza das variables estratéxicas e tácticas da empresa.

12. Coñecer a natureza do moderno comercio electrónico, as súas vantaxes e inconvenientes.

13. Comprender a natureza da actividade orientada á produción e coñecer os elementos que interveñen na actividade produtiva da empresa.

14. Coñecer o conxunto de decisións estratéxicas que ha de tomar a empresa respecto da produción, relativas á súa localización, dimensión e capacidade produtiva.

15. Coñecer a natureza e os problemas das decisións técnicas que toma a empresa na área de produción.

16. Coñecer a composición do patrimonio da empresa e a natureza das diversas masas patrimoniais.

17. Coñecer a estrutura e o significado das contas anuais da empresa.

18. Aprender a utilidade e a importancia da contabilidade e aprender a situar as principais contas.

19. Coñecer a composición do patrimonio da empresa e a natureza das diversas masas patrimoniais.

20. Coñecer a estrutura e o significado das contas anuais da empresa.
21. Aprender a utilidade e a importancia da contabilidade e aprender a situar as principais contas.
22. Coñecer a función financeira da empresa e a súa contorna.
23. Coñecer os ciclos financeiros da empresa.
24. Coñecer as fontes internas e externas de financiamento da empresa, a súa natureza e problemática.
25. Introducirse na análise económica-financeiro a través dos seus indicadores.
26. Coñecer a natureza do investimento, as súas magnitudes e os fluxos que implica.
27. Coñecer os significados da homogeneización financeira, da capitalización e da actualización.
28. Aprender os distintos tipos de criterios estáticos de selección de investimentos.
29. Aprender os distintos tipos de criterios dinámicos de selección de investimentos.
30. Coñecer a natureza, os problemas e a contorna da xestión de recursos humanos na empresa.
31. Coñecer os procesos de planificación dos recursos humanos.
Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, e o respecto e a consideración ás vítimas de calquera tipo de violencia.

Se fará fincapé especial nos seguintes elementos transversais:

- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- O tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación
- Emprendemento: análise e interpretación de datos e elaboración de conclusións razoadas
- Valores persoais: respecto os compañeiros do traballo en grupo e aos demais equipos.

XV. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Actividade :Visita Pull & Bear en Narón

XVI. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

LENDA DA ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se alcanzan os mínimos
	Insuficiente	1	Se omiten elementos fundamentais do indicador
	Básico	2	Se evidencia cumprimento suficiente do indicador
	Competente	3	Se evidencian prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador
	Excelente	4	Se evidencian modelos de referencia de boas

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE ANALIZAR COMO PARTE DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	0	1	2	3	4

Se organizarón e secuenciaron os estándares de aprendizaxe avaliados en relación ás distintas unidades de programación					
Se asocian os estándares de aprendizaxe avaliados, os instrumentos de avaliación e o indicador de logro					
Defínese avaliación inicial e as consecuencias dos seus resultados					
Se definen programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación					
Se prestan axudas para a animación a lectura e desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita					
Incorporación das TIC nos procesos de ensino aprendizaxe					
Se relacionan procedementos e instrumentos de avaliación variados					
Se aplican a metodoloxía e os recursos e materiais didácticos establecidos					
Se realizan as actividades extraescolares e complementarias establecidas					
Tratamento dos temas transversais no proceso de ensino					
Coordinación a nivel horizontal con outros profesores do nivel					

XVII. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Tal como establece o apartado 5 do artigo 21 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, ó comezo de cada curso, o Departamento de Economía, a través do seu profesorado, informará a cada grupo de alumnos e alumnas dos obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe esixibles para obter unha valoración positiva nas materias de Iniciación á Actividade emprendedora e Empresarial, Economía 4º ESO, Economía 1º Bacharelato e Economía de la Empresa; así como do procedemento e dos instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación que se empregarán.

Sen prexuízo do anterior, esta información estará tamén exposta publicamente nos espazos que se consideren axeitados así como na web do centro.

FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	405
II. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA, QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS:	409
III. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO:.....	430
IV. TEMPORALIZACIÓN, CONTIDOS MÍNIMOS E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:	435
V. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS:.....	439
VI. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:.....	441
VII. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO:	442
VIII. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE:	445
IX. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES:	447
X. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS:	447
XI. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN BACHARELATO:.....	448
XII. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO:	449
XIII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS:	450
XIV. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA:.....	450
XV. INFORMACIÓN AS FAMILIAS	452

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Xustificación da programación

O presente documento ofrece un modelo de Programación didáctica para a materia de Economía da Empresa de 2º de Bacharelato. Con esta programación preténdese planificar o traballo docente de unha maneira eficaz, organizando o proceso de aprendizaxe dos alumnus e alumnas.

Sinalar que toda programación debe ser aberta, flexible e pode ser revisada en calquera momento para adaptarse a situacións imprevistas que poden darse ao longo do curso.

O Departamento

A presente programación corresponde ó curso 2016/17, no que se impartirán as materias de:

4º DA ESO

Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial

Economía

BACHARELATO

Economía 1º BAC

Economía da Empresa 2º BAC

Fundamentos de Administración e Xestión 2º BAC

- Carmen González Feijoo Xefa de Departamento

- Dolores Rey Varela

A profesora Carmen González Feijoo impartirá: Economía 4ºESO, Iniciación a Actividade Emprendedora e Empresarial e Fundamentos de Administración e Xestión

A profesora Dolores Rey Varela impartirá: Economía de 1º de Bacharelato y Economía da Empresa

Marco lexislativo

Normativa estatal:

Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE 03/01/2015).

Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre compétenencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE 29/01/2015).

Real Decreto 310/2016, de 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato.

Normativa autonómica:

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para vos centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e regúlase o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións non curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

A contorna

Estas materias impartiranse nun centro de Ensino Medio, radicado nunha vila do noroeste de Galicia.

Neda, é un concello dos ribereños da ría de Ferrol, limita o norte con concello de Narón, o sur co de Fene e A Capela e o leste con San Sadurniño. Conta cunha poboación en torno aos seis mil habitantes e unha superficie en (km²) de 23,8.

É un dos concellos da comarca de Ferrolterra, zona que tivo unha industria naval moi importante pero que na actualidade sufriu grandes crises e reconversións, repercutindo na situación económica e social da poboación.

Por todo o anteriormente referido o nivel socioeconómico da zona é medio- baixo dentro do contexto galego.

O Centro

O IES FERNANDO ESQUIO é un centro que conta na actualidade con 225 alumnos e alumnas Impártese a ESO, BACHARELATO e PFF AFB.

Fundamentos da materia

A administración é un proceso consistente nas actividades de planeamento, organización, execución e control, desempeñadas para determinar e alcanzar os obxectivos sinalados co uso de recursos produtivos. Como ciencia trata de planificar e organizar as relacións entre as funcións, os niveis e as actividades, coa finalidade de lograr a máxima eficiencia dentro dos plan e os obxectivos sinalados pola empresa. Por xestión entendemos a realización de dilixencias enfocadas á obtención dalgún beneficio, empregando os recursos activos da empresa para o logro dos obxectivos Trátase, xa que logo, de estimular entre o alumnado as destrezas e as habilidades que permitan pór en marcha e manter un proxecto empresarial a través do estudo das variables que determinan a súa viabilidade.

Constitúe obxecto de estudo desta materia o conxunto de áreas e funcións nas que se divide a actividade da empresa, tanto no nivel de planificación e definición de obxectivos como no nivel de xestión diaria dos recursos e as actividades da empresa que permitan alcanzar o obxectivo de consolidación dun proxecto empresarial, todo isto enmarcado dentro da idea de fomentar o espírito emprendedor na educación secundaria.

Préstase especial atención ao desenvolvemento da creatividade e o espírito de innovación para resolver situacións en diferentes ámbitos, así como a relevancia de valorar e percibir o erro de xeito positivo. Incentívase a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, con independencia do resultado final, promóvese o traballo en equipo, mantendo unha comunicación fluída entre as persoas autoras do proxecto compartido, e dáselle un especial impulso á utilización de ferramentas informáticas e audiovisuais que axuden á difusión efectiva do proxecto.

No contexto actual é importante estimular as destrezas e habilidades dos estudantes para transformar ideas en proxectos, a través dun estudo profundo das variables para a posta en marcha dun negocio e a súa viabilidade futura.

En España, a imaxe do empresario como modelo positivo de identificación non foi moi robusta: considerouse unha actividade arriscada e menos agradecida que outras máis tradicionais. Con todo, producíronse cambios de forma moi rápida, na liña de dar valor á creación e posta en marcha de ideas e as repercusións positivas que supoñen para o individuo, a sociedade, a economía e a creación de postos de traballo.

O desenvolvemento do espírito emprendedor débese fomentar desde a mocidade nos centros docentes, aínda que non debe exporse exclusivamente desde o punto de vista da xestión de empresas, senón que se trata dunha cultura e forma de pensar que sempre pode ser de utilidade na vida cotiá e nas diversas actividades profesionais. Hai competencias que han de ser aplicadas polos mozos e incorporadas na súa forma de sentir e de facer.

Nesta materia faise especial fincapé na creatividade e o espírito de innovación para desenvolverse e resolver situacións en diferentes contornas, así como a relevancia de valorar e percibir o erro de forma positiva. A materia incentiva a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, con independencia do resultado final; ademais, pon o foco no impulso do traballo en equipo, mantendo unha comunicación fluída entre os compañeiros para o desenvolvemento dun proxecto compartido, e na utilización

de ferramentas informáticas e audiovisuais que axuden a unha difusión efectiva do proxecto.

Esta materia específica impártese en 2º de Bacharelato.

O alumnado deste centro educativo de ensino secundario é procedente da localidade de Neda, un concello da provincia da Coruña e que pertence á comarca de Ferrol. Segundo o IGE, en 2015 tiña 5.261 habitantes e está constituído por catro parroquias: San Nicolás, Santa María, San Pedro de Anca e San Andrés de Viladonelle. Hoxe en día o municipio de Neda centra a súa economía na pesca, a agricultura e a gandería, pero nos últimos anos o turismo esta collendo gran auxe.

II. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA, QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS:

Serán desenvolvidas as capacidades e as habilidades propias da competencia clave de sentido da iniciativa e o espírito emprendedor, ademais de outras vinculadas coa comunicación lingüística, a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a competencia dixital, as competencias sociais e cívicas, e a de aprender a aprender.

A materia estrutúrase en nove bloques: "Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa", "A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos", "Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa", "O plan de aprovisionamento", "Xestión comercial e márketing na empresa", "Xestión dos recursos humanos", "Xestión da contabilidade da empresa. Investimento e xestión financeira", "Viabilidade da empresa" e "Presentación da idea de negocio".

Seguindo as indicacións e nomenclatura do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, temos o seguinte:

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.1.1. Identifica os aspectos da innovación empresarial e explica a súa relevancia no desenvolvemento económico e na creación de emprego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.1.2. Recoñece experiencias de innovación empresarial e analiza os elementos de risco que levan aparelladas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.1.3. Valora a importancia da tecnoloxía e de internet como factores clave de innovación e relaciona a innovación coa internacionalización da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.2.1. Analiza o sector empresarial onde se desenvolve a idea de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.2.2. Realiza unha análise do mercado e da competencia para a idea de negocio seleccionada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.3.1. Explica desde diferentes perspectivas a figura do/da emprendedor/a de negocios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.3.2. Avalía as repercusións que supón elixir unha idea de negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.3.3. Analiza as vantaxes e os inconvenientes de propostas de ideas de negocio realizables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.3.4. Expón os seus puntos de vista, mantén unha actitude proactiva e desenvolve iniciativa emprendedora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB1.3.5. Traballa en equipo mantendo unha comunicación fluída cos seus compañeiros e coas súas compañeiras para o desenvolvemento do proxecto de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 2. A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB2.1.1. Recoñece os obxectivos e os fins da empresa, e relaciónaos coa súa organización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB2.1.2. Reflexiona sobre o papel da responsabilidade social corporativa, e valora a existencia dunha ética dos negocios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB2.1.3. Proporciona argumentos que xustifican a elección da forma xurídica e da localización da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB2.1.4. Interpreta a información que proporciona o organigrama dunha empresa e a importancia da descrición de tarefas e funcións para cada posto de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB2.1.5. Realiza unha previsión dos recursos necesarios para o desenvolvemento do proxecto de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA
Bloque 3. Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB3.1.1. Identifica os diferentes trámites legais necesarios para a posta en marcha dun negocio e recoñece os organismos ante os cales han de presentarse os trámites. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB3.2.1. Interpreta e sabe realizar os trámites fiscais, laborais, de Seguridade Social e outros para a posta en marcha. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB3.2.2. Valora a necesidade do cumprimento dos prazos legais para efectuar os trámites de creación dun negocio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
Bloque 4. O plan de aprovisionamento	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB4.1.1. Deseña un plan de aprovisionamento da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB4.1.2. Aplica métodos de valoración de existencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB4.2.1. Identifica os tipos de documentos utilizados para o intercambio de información con provedores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ FAXB4.2.2. Utiliza diferentes fontes para a procura de provedores en liña e offline.	▪ CD ▪ CMCCT
▪ FAXB4.2.3. Relaciona e compara as ofertas de provedores, utilizando diversos criterios de selección, e explica as vantaxes e os inconvenientes de cada unha.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
▪ FAXB4.3.1. Identifica e aplica técnicas de negociación e comunicación.	▪ CCL ▪ CSIEE
▪ FAXB4.3.2. Recoñece as etapas nun proceso de negociación de condicións de aprovisionamento.	▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT
Bloque 5. Xestión comercial e márketing na empresa	
▪ FAXB5.1.1. Analiza o proceso de comercialización dos produtos ou servizos da empresa.	▪ CSIEE ▪ CMCCT
▪ FAXB5.1.2. Explica as características da clientela potencial da empresa e identifica o comportamento dos competidores desta.	▪ CCL ▪ CMCCT
▪ FAXB5.1.3. Aplica procesos de comunicación e habilidades sociais en situacións de atención á clientela e operacións comerciais.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD
▪ FAXB5.1.4. Realiza unha previsión de vendas a curto e a medio prazo, manexando a folia de cálculo.	▪ CD ▪ CMCCT
▪ FAXB5.2.1. Reflexiona sobre as estratexias de prezos tendo en conta as características do produto ou do servizo, e argumenta sobre a decisión do establecemento do prezo de venda.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE
▪ FAXB5.3.1. Elabora un plan de medios onde se describan as accións de promoción e publicidade para atraer a clientela potencial, facendo especial fincapé nas aplicadas en internet e dispositivos móbiles.	▪ CCL ▪ CCEC ▪ CMCCT ▪ CD
▪ FAXB5.3.2. Valora e explica as canles de distribución e venda que pode utilizar a empresa.	▪ CSIEE ▪ CCL ▪ CMCCT
Bloque 6. Xestión dos recursos humanos	
▪ FAXB6.1.1. Avalía as necesidades da empresa, e analiza e	▪ CSIEE

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
describe os postos de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
▪ FAXB6.1.2. Identifica as fontes de recrutamento, así como as fases do proceso de selección de persoal.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT
▪ FAXB6.2.1. Analiza e aplica para a empresa as formalidades e as modalidades documentais de contratación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
▪ FAXB6.2.2. Identifica as subvencións e os incentivos á contratación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
▪ FAXB6.2.3. Recoñece as obrigas administrativas do/da empresario/a ante a Seguridade Social.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
▪ FAXB6.2.4. Analiza os documentos do proceso de retribución e cotización do persoal e de xustificación do pagamento.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
Bloque 7. Xestión da contabilidade da empresa	
▪ FAXB7.1.1. Opera cos elementos patrimoniais da empresa, valora a metodoloxía contable e explica o papel dos libros contables.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
▪ FAXB7.1.2. Analiza e representa os principais feitos contables da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT
▪ FAXB7.1.3. Identifica o concepto de amortización e procede ao seu rexistro contable.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
▪ FAXB7.1.4. Analiza e asigna os gastos e os ingresos ao exercicio económico ao que correspondan, con independencia das súas datas de pagamento ou cobramento.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
▪ FAXB7.1.5. Distingue as fases do ciclo contable, analiza o proceso contable de pechamento de exercicio e determina o resultado económico obtido pola empresa.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
▪ FAXB7.1.6. Analiza as obrigas contables e fiscais, e a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD
▪ FAXB7.1.7. Manexa a nivel básico unha aplicación informática de contabilidade, onde realiza todas as operacións necesarias e presenta o proceso contable	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
correspondente a un ciclo económico.	
Bloque 8. Investimento e xestión financeira. Viabilidade da empresa	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB8.1.1. Elabora un plan de investimentos da empresa, que inclúa o activo non corrente e o corrente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB8.1.2. Analiza e selecciona as fontes de financiamento da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB8.1.3. Recoñece as necesidades de financiamento da empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB8.2.1. Determina e explica a viabilidade da empresa, tanto a nivel económico e financeiro como a nivel comercial e ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB8.2.2. Aplica métodos de selección de investimentos e analiza os investimentos necesarios para a posta en marcha. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB8.2.3. Elabora estados de previsión de tesouraría e explica alternativas para a resolución de problemas puntuais de tesouraría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB8.3.1. Valora as fontes de financiamento, así como o custo do financiamento e as axudas financeiras e subvencións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB8.3.2. Comprende o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual. ▪ FAXB8.3.3. Distingue o papel dos intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB8.3.4. Valora a importancia, no mundo empresarial, de responder en prazo aos compromisos de pagamento adquiridos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 9. Presentación da idea de negocio	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB9.1.1. Utiliza habilidades comunicativas e técnicas para atraer a atención na exposición pública do proxecto de empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ FAXB9.2.1. Manexa ferramentas informáticas e audiovisuais atractivas que axudan a unha difusión efectiva do proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	▪ CMCCT

LEENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CD	Competencia dixital.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

Estes bloques se desenvolverán mediante as unidades didácticas que enumero a continuación (cada unha cos seus contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe correspondentes):

UNIDADE 1. Introducción á empresa

1. Contidos:

Conceptos

- Introducción ao mundo empresarial.
- Concepto, fins e funcións das empresas.
- Clases de empresas.
- Formas xurídicas de empresas:
 - Empresario individual.
 - Sociedade colectiva.
 - Sociedade comanditaria:
 - ✓ Simple.
 - ✓ Por accións.
- Sociedade de responsabilidade limitada:
 - Sociedade anónima.
 - Sociedade anónima laboral.
 - Sociedade cooperativa.
- O marco legal da empresa.
- Organización interna:

- Departamentos e funcións.
- Organigramas.

2. Criterios de avaliación

- Xustificar o papel das empresas na economía dun país e na vida dos cidadáns.
- Identificar as diferentes clases de formas xurídicas de empresas e analizar os seus principais características: grao de responsabilidade dos seus propietarios, capital necesario, número de socios, organización, etc.
- Resolver supostos prácticos sobre a organización interna das empresas:
 - Propoñer unha estrutura departamental idónea.
 - Definir funcións básicas para cada departamento.
 - Debuxar un organigrama coas relacións entre os mesmos.

3. Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe relacionados con esta unidade son:

1.1. Identifica os diferentes aspectos da innovación empresarial e explica a súa relevancia no desenvolvemento económico e creación de emprego.

1.2. Recoñece diversas experiencias de innovación empresarial e analiza os elementos de risco que levan aparelladas.

1.3. Valora a importancia da tecnoloxía e da internet como factores clave de innovación e relaciona a innovación coa internacionalización da empresa.

2.1. Analiza o sector empresarial onde se desenvolve a idea de negocio.

2.2. Realiza unha análise do mercado e da competencia para a idea de negocio seleccionada.

3.1. Explica as diferentes perspectivas da figura do emprendedor desde o punto de vista empresarial.

3.2. Avalía as repercusións que supón elixir unha idea de negocio.

3.3. Analiza as vantaxes e inconvenientes de diferentes propostas de ideas de negocio realizables.

3.4. Expón os seus puntos de vista, mantén unha actitude proactiva e desenvolve iniciativa emprendedora.

3.5. Traballa en equipo mantendo unha comunicación fluída cos seus compañeiros para o desenvolvemento do proxecto de empresa.

4.1. Recoñece os diferentes obxectivos e fins da empresa e relaciónaos coa súa organización.

4.2. Reflexiona sobre o papel da responsabilidade social corporativa e valora a existencia dunha ética dos negocios 4.3. Proporciona argumentos que xustifican a elección da forma xurídica e da localización da empresa.

4.3. Comprende a información que proporciona o organigrama dunha empresa e a importancia da descrición de tarefas e funcións para cada posto de traballo.

4.4. Realiza unha previsión dos recursos necesarios.

UNIDADE 2. CREACIÓN DA EMPRESA

1. Contidos:

Conceptos

- Decisións previas á posta en marcha dunha empresa.
 - Actividade empresarial.
 - Nome.
 - Logotipo.
 - Localización (localización).
- Xestións e trámites para a constitución e posta en marcha da empresa.
 - Documentación.
 - Organismos.
 - Requisitos.
- Outras xestións.
- Impresos para a realización dos trámites.

2. Criterios de avaliación

- Identificar, en supostos dados, a relación existente entre: nome da empresa, logotipo, localización e actividade que realiza.

- Realizar un esquema-resumen que recolla os organismos que interveñen no proceso de posta en marcha dunha empresa e os trámites para realizar en cada un deles.
- Cumprimentar os trámites necesarios para a posta en marcha dunha empresa segundo a súa forma xurídica.
- Realizar xestións diversas ante organismos públicos e privados.

3. Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe relacionados con esta unidade son:

1.1. Identifica os diferentes trámites legais necesarios para a posta en marcha dun negocio e recoñece os organismos ante os cales han de presentarse os trámites.

2.1. Utiliza habilidades comunicativas e técnicas para atraer a atención na exposición pública do proxecto de empresa.

3.1. Manexa ferramentas informáticas e audiovisuais atractivas que axudan a unha difusión efectiva do proxecto.

UNIDADE 3. SECRETARÍA E ARQUIVO

1. Contidos:

Conceptos

- Conservación da documentación:
 - Necesidade da información documental.
 - Normativa legal.
- O arquivo:
 - Concepto e finalidade.
 - Clases.
 - Organización material.
 - Sistemas de clasificación.
- Técnicas de comunicación escrita:
 - Carta comercial.
 - Saúda
 - Informe.
 - Notas interiores.

- Certificado.
- Instancia.
- Declaración.
- Currículo vitae.
- Oficio.
- Rexistros de correspondencia:
 - Rexistros de entrada e saída.
 - Correspondencia interna.

2. Criterios de avaliación

- Xustificar a importancia e necesidade de conservar a documentación na empresa.
- Realizar un esquema-resumen que ofrezca os puntos básicos da clasificación e o arquivo.
- Realizar supostos expostos de comunicacións, utilizando os diferentes medios dispoñibles.
- Definir, ante un suposto dado, os sistemas de circulación interna da correspondencia e os rexistros necesarios.
- Procesar a correspondencia e documentación. Coñecer as innovacións tecnolóxicas no campo da información. Recibir e distribuír información oral e escrita.

3. Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe relacionados con esta unidade son:

1.1. Comprende e sabe realizar os trámites fiscais, laborais e de Seguridade Social e outros para a posta en marcha.

1.2. Valorar a relevancia do cumprimento dos prazos de tempo legais para efectuar os trámites e crear o negocio.

UNIDADE 4. ADMINISTRACIÓN (PARTE I)

1. Contidos:

Conceptos

- O concepto económico da empresa e o patrimonio:

- O patrimonio e os elementos patrimoniais.
- O inventario. Clasificación e valoración dos elementos.
- As masas patrimoniais.
- A Contabilidade: concepto, obxectivos e fins.
- As contas:
 - Concepto e representación.
 - Clasificación e rexistro dos datos: as anotacións no Debe e no Haber.
- O sistema da Partida Dobre.
- Os libros contables.
- Normas contables de carácter básico.
- Estrutura, características e uso dos libros contables:
 - O libro Diario.
 - O libro Maior.
 - O libro de Inventarios e Contas anuais.
- O Plan Xeral de Contabilidade:
 - Estrutura e contido.

2. Criterios de avaliación

- Analizar os elementos patrimoniais, clasificándoos en masas.
- Determinar o valor do patrimonio neto.
- Explicar o concepto de conta, indicando os distintos tipos de contas e os convenios de cargo e abono de cada un.
- Identificar os tipos de libros contables e as súas funcións diferenciando os libros obrigatorios dos non obrigatorios.
- Descritos uns feitos contables sinxelos, explicar o seu rexistro nos libros Diario e Maior e efectuar os asentos contables correspondentes.
- Valorar a necesidade da regulación contable.
- Describir a estrutura do PGC indicando os apartados de obrigado cumprimento.

3. Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe involucrados nesta unidade son:

- 1.1. Manexa os elementos patrimoniais da empresa, valora a metodoloxía contable e explica o papel dos libros contables.
- 1.2. Analiza e representa os principais feitos contables da empresa.
- 1.3. Comprende o concepto de amortización e manexa o seu rexistro contable.
- 1.4. Analiza e asigna os gastos e ingresos ao exercicio económico ao que correspondan con independencia das súas datas de pago ou cobro.
- 1.5. Comprende o desenvolvemento do ciclo contable, analiza o proceso contable de peche de exercicio e determina o resultado económico obtido pola empresa.
- 1.6. Analiza as obrigacións contables e fiscais e a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos.
- 1.7. Manexa a nivel básico unha aplicación informática de Contabilidade, onde realiza todas as operacións necesarias e presenta o proceso contable correspondente a un ciclo económico.

UNIDADE 5. APROVISIONAMENTO

1. Contidos:

Conceptos

- O mercado.
- Os provedores.
- A operación de compravenda:
 - Marco legal: normas mercantís e fiscais.
- Estudo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).
- O proceso das compras:
 - O pedido.
 - A recepción: o albarán e a factura.
 - O custo das compras.
- As existencias:
 - Clasificación.
 - Almacén.
 - Valoración.
 - Xestión de stocks.
- O proceso de pago:

- Momento do pago.
- Forma e medios de realización:
 - ✓ A letra de cambio.
 - ✓ O cheque.
 - ✓ Outros medios de pago.
- Contabilización das operacións de aprovisionamento.

2. Criterios de avaliación

- Distinguir os documentos básicos das operacións de aprovisionamento, precisando a súa función e os requisitos básicos que deben reunir.
- Interpretar a normativa mercantil e fiscal vixente, aplicable ás operacións de compravenda.
- Distinguir os diferentes tipos de existencias habituais nas empresas.
- Analizar os distintos métodos de valoración de existencias.
- Analizar os sistemas e medios de cobro e pago habituais en operacións de compravenda.
- Nun suposto práctico:
 - Razoar por que se selecciona aos provedores.
 - Comprobar a documentación recibida.
 - Elaborar pedidos, albarás e facturas.
 - Rexistrar en fichas de almacén os movementos de existencias.
 - Cumprimentar recibos, letras de cambio e cheques.
 - Cumprimentar os libros rexistro de facturas recibidas e de facturas emitidas.

3. Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe involucrados nesta unidade son:

- 1.1. Deseña unha planificación das necesidades de aprovisionamento da empresa.
- 2.1. Identifica os distintos tipos de documentos utilizados para o intercambio de información con provedores.
- 2.2. Utiliza diferentes fontes para a procura de provedores online e offline.

2.3. Relaciona e compara as distintas ofertas de provedores, utilizando diferentes criterios de selección e explicando as vantaxes e inconvenientes de cada unha.

3.1. Coñece técnicas de negociación e comunicación.

3.2. Recoñece as diferentes etapas nun proceso de negociación de condicións de aprovisionamento.

UNIDADE 6. PRODUCCIÓN

1. Contidos:

Conceptos

- A produción:
 - Empresas produtoras de bens.
 - A produtividade.
 - Valor engadido que xera o proceso de produción.
- O deseño do sistema de produción:
 - Distribución en planta.
 - Manexo de materiais.
 - Clases de procesos produtivos.
- Relación do departamento de produción con outros departamentos da empresa:
 - Relación Producción-Aprovisionamento.
 - Relación Producción-Comercial.
- O custo de produción.

2. Criterios de avaliación

- Identificar os tipos de empresas produtoras, diferenciándoas das empresas comerciais e de servizos.
- Distinguir as clases de procesos de produción.
- Analizar o obxectivo do sistema de produción e identificar os aspectos para ter en conta ao establecer a distribución en planta e o manexo de materiais.
- Analizar os compoñentes do custo de produción e calcular o seu importe.

3. Estándares de aprendizaxe

O currículo LOMCE para a materia de Fundamentos de administración e xestión non incorpora estándares de aprendizaxe vinculados á unidade de produción. Neste sentido, entendemos que os contidos vinculados a esta unidade, ao non estar incluídos no currículo, son contidos que o docente pode impartir en función das necesidades do grupo.

UNIDADE 7. COMERCIALIZACIÓN

1. Contidos:

Conceptos

- A distribución:
 - Concepto.
 - Canles.
 - Custos de distribución.
- A empresa ante o mercado dos seus produtos e servizos.
- Nocións de márketing:
 - Márketing de investigación.
 - Política comercial da empresa.
- Concepto e cálculo de marxes comerciais.
- A protección dos consumidores e usuarios.
- Contabilización das operacións de comercialización.

2. Criterios de avaliación

- Identificar as funcións da distribución.
- Distinguir os tipos de canles de distribución máis habituais.
- Diferenciar os conceptos de márketing tradicional e moderno.
- Analizar as funcións do márketing de investigación.
- Analizar as funcións da política comercial da empresa.
- Interpretar, ante casos concretos, as normas legais que regulan a protección aos consumidores e usuarios.
- Calcular a marxe comercial.

3. Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe involucrados nesta unidade son:

- 1.1. Analiza o proceso de comercialización dos produtos ou servizos da empresa.
- 1.2. Explica as características dos potenciais clientes da empresa, así como identifica o comportamento dos competidores da mesma.
- 1.3. Aplica procesos de comunicación e habilidades sociais en situacións de atención ao cliente e operacións comerciais.
- 1.4. Realiza unha previsión de vendas a curto e medio prazo, manexando a folla de cálculo.
- 2.1. Reflexiona sobre as diferentes estratexias de prezos a seguir tendo en conta as características do produto ou servizo e argumenta sobre a decisión do establecemento do prezo de venda.
- 3.1. Elabora un plan de medios, onde describe as accións de promoción e publicidade para atraer aos clientes potenciais, facendo especial fincapé nas aplicadas na internet e dispositivos móbiles.
- 3.2. Valora e explica as diferentes canles de distribución e venda que pode utilizar a empresa.

UNIDADE 8. TESOURERÍA E FINACIACIÓN

1. Contidos:

Conceptos

- Intermediarios financeiros bancarios: Bancos e Caixas de aforros.
- Operacións e servizos bancarios:
 - Contas bancarias.
 - Domiciliación de pagos.
 - Transferencias.
 - Xestión de cobros.
 - Desconto de efectos.
 - Créditos e préstamos.
 - Cartóns de crédito e débito.
 - Operacións de estranxeiro e cambio de moeda.
- O cálculo de intereses:
 - Concepto e clases de intereses.

- Fórmula xeral do interese simple.
- Peculiaridades.
- Procedementos abreviados de cálculo.
- Ampliación de conceptos: fórmula de interese composto.
Aplicación práctica.
- Xestión da tesourería da empresa:
 - Previsións de tesourería.
 - Envío de efectos ao banco.
 - Efectos impagados.
 - Modificacións nos cobros e pagos.
- Rexistro contable das operacións de tesourería e financiamento.

2. Criterios de avaliación

- Analizar estados de previsión de tesourería previamente elaborados, e argumentar sobre os instrumentos máis idóneos para solucionar problemas de liquidez.
- Coñecer e diferenciar as operacións financeiras máis usuais que na práctica mercantil realízanse cos intermediarios financeiros.
- Calcular as distintas variables que interveñen na fórmula xeral do interese simple.
- Resolver problemas de cálculo en operacións de adiamento, modificación e substitución de cobros e pagos.
- Realizar e resolver as operacións dunha empresa simulada.

3. Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe involucrados nesta unidade son:

- 1.1. Elabora un plan de investimentos da empresa, que inclúa o activo non corrente e o corrente
- 1.2. Analiza e selecciona as fontes de financiamento da empresa.
- 1.3. Recoñece as necesidades de financiamento da empresa.
- 2.1. Determina e explica a viabilidade da empresa, tanto a nivel económico e financeiro, como comercial e ambiental.

2.2. Aplica métodos de selección de investimentos e analiza os investimentos necesarios para a posta en marcha.

2.3. Elabora estados de previsión de tesourería e explica diferentes alternativas para a resolución de problemas puntuais de tesourería.

3.1. Valora as fontes de financiamento, así como o custo do financiamento e as axudas financeiras e subvencións.

3.2. Comprende o papel que desempeñan os intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual.

3.3. Valora a importancia, no mundo empresarial, de responder en prazo os compromisos de pago adquiridos.

UNIDADE 9. O DEPARTAMENTO DE RECURSOS HUMANOS

1. Contidos:

Conceptos

- Funcións do Departamento de recursos humanos.
- Lexislación laboral básica:
 - ✓ Estatuto dos Traballadores.
 - ✓ Lei Xeral da Seguridade Social.
 - ✓ Lei de Procedemento Laboral.
- A contratación laboral:
 - ✓ Contratos de traballo.
 - ✓ Modalidades de contratación.
- As nóminas:
 - ✓ O recibo de salarios.
 - ✓ Estrutura.
 - ✓ Liquidación de seguros sociais e IRPF.
- O rexistro contable das operacións de persoal.

2. Criterios de avaliación

- Explicar as funcións e tarefas que realiza o Departamento de recursos humanos.
- Ser capaz de resolver un cuestionario sobre a estrutura e contido básico da normativa laboral.

- Coñecer os dereitos e obrigacións derivados das relacións laborais segundo o marco legal establecido.
- Nun suposto dado, no que se ofrecen todos os datos necesarios, realizar:
 - Oferta de emprego.
 - Contrato.
 - Enchemento da documentación relativa á Seguridade Social (inscrición, Mutua, altas e afiliación dos traballadores).
 - Rexistro no Libro de Matrícula.
 - Liquidación de nóminas, seguros sociais e IRPF.

3. Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe involucrados nesta unidade son:

- 1.1. Avalía as necesidades da empresa e analiza e describe os postos de traballo.
- 1.2. Identifica as fontes de recrutamento así como as diferentes fases do proceso de selección de persoal.
- 2.1. Analiza e aplica para a empresa as formalidades e diferentes modalidades documentais de contratación.
- 2.2. Identifica as subvencións e incentivos á contratación.
- 2.3. Recoñece as obrigacións administrativas do empresario ante a Seguridade Social.
- 2.4. Analiza os documentos que proveñen do proceso de retribución do persoal e as obrigacións de pagos.

UNIDADE 10. ADMINISTRACIÓN (PARTE II)

1. Contidos:

Conceptos

- Outros gastos e ingresos empresariais de carácter ordinario.
- Liquidacións periódicas de IVE. Compensación de contas.
- O proceso de amortización do inmovilizado:
 - Concepto de amortización.
 - Determinación de cotas.

- Rexistro contable.
- Venda de elementos do inmovilizado.
- O proceso de regularización contable e o peche do exercicio:
 - Periodificación de gastos.
 - Variación de existencias.
 - Determinación do resultado.
 - Peche do exercicio.
- As contas anuais:
 - Balance.
 - Conta de Perdas e Ganancias.

2. Criterios de avaliación

- Analizar o concepto económico da amortización e describir os métodos de cálculo das cotas.
- Argumentar sobre a formación do resultado económico que obteñen as empresas.
- Interpretar a información que proporcionan as contas anuais como resumo da xestión empresarial.
- Realizar e resolver as operacións dunha empresa simulada.

3. Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe involucrados nesta unidade son:

- 1.1. Manexa os elementos patrimoniais da empresa, valora a metodoloxía contable e explica o papel dos libros contables.
- 1.2. Analiza e representa os principais feitos contables da empresa.
- 1.3. Comprende o concepto de amortización e manexa o seu rexistro contable.
- 1.4. Analiza e asigna os gastos e ingresos ao exercicio económico ao que correspondan con independencia das súas datas de pago ou cobro.
- 1.5. Comprende o desenvolvemento do ciclo contable, analiza o proceso contable de peche de exercicio e determina o resultado económico obtido pola empresa.
- 1.6. Analiza as obrigacións contables e fiscais e a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos.

1.7. Manexa a nivel básico unha aplicación informática de Contabilidade, onde realiza todas as operacións necesarias e presenta o proceso contable correspondente a un ciclo económico.

III. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO:

A materia de Fundamentos de Administración e Xestión encádrase na etapa educativa do **Bacharelato**. Na devandita etapa educativa, espérase que os alumnos e as alumnas adquiran as seguintes **capacidades**:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

ñ) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Como **obxectivos xerais da materia**, o desenvolvemento da mesma ten que contribuír a que os /as alumnos/as adquiran as seguintes capacidades:

1. Obter unha visión práctica do funcionamento dunha organización empresarial, a través das diferentes áreas que a compoñen.

2. Identificar, utilizar e archivar os documentos que xera o desenvolvemento da actividade empresarial.

3. Comprender e manexar as técnicas básicas que se utilizan nas diversas áreas ou departamentos en que se estrutura unha empresa.

4. Iniciar no coñecemento e na utilización das novas tecnoloxías aplicadas ás funcións de xestión e administración de empresas.

5. Posibilitar a autoaprendizaxe do alumno/a, formándoos/as para que poidan tomar decisións e actuar adecuadamente, mesmo ante situacións non habituais.

6. Coñecer as fontes onde localizar as normas xurídicas e calquera tipo de información que afecte á empresa.

Especifico a continuación os **obxectivos por unidades didácticas**. Teremos o seguinte:

Unidade 1. Introducción á empresa: Obxectivos:

- Introducirse na realidade empresarial, comprender que son as empresas, que fins teñen e que funcións realizan.
- Coñecer as distintas formas de clasificación das empresas.
- Coñecer as distintas formas xurídicas que existen para a súa constitución, e analizar os seus principais características.
- Comprender as principais tarefas e actividades que se realizan nas empresas, e coñecer as súas principais áreas internas ou departamentos.

Unidade 2. Creación da empresa: Obxectivos:

- Comprender o proceso de creación dunha empresa.
- Coñecer as decisións previas á tramitación.
- Pescudar cales son os trámites obrigatorios e necesarios para a posta en marcha dunha empresa.
- Saber relacionar os trámites cos seus correspondentes organismos.

- Ser capaz de realizar a posta en marcha dunha empresa. En especial, unha empresa individual (comercial) por xunto.

Unidade 3. Secretaría e arquivo: Obxectivos:

- Establecer un circuíto de información e comunicación dentro da empresa e desta co exterior, aplicando as técnicas máis comúns.
- Coñecer as normas sobre a obrigaón de conservar a documentación que a empresa xera.
- Coñecer as regras oficiais de clasificación.
- Analizar e distinguir as diferentes clases de arquivo.
- Distinguir as diferentes formas de comunicación da empresa con outras empresas, organismos e/ou particulares.
- Ser capaz de aplicar as técnicas de comunicación máis frecuentes.

Unidade 4. Administración (parte i): Obxectivos:

- Comprender o concepto xurídico-económico de patrimonio (bens, dereitos e obrigaóns) e introducirse no seu rexistro contable.
- Determinar as necesidades patrimoniais básicas das empresas en relación coas súas actividades.
- Entender a incidencia das distintas operacións da empresa sobre o patrimonio.
- Empezar a coñecer a Contabilidade como ciencia e introducirmos na actividade contable da empresa.
- Comprender o significado contable das contas e dos asentos contables polo método da Partida Dobre.
- Coñecer os principais libros contables e empezar a realizar anotacións (asentos) nos mesmos como forma de rexistro das operacións da empresa.
- Introducirmos no estudo do Plan Xeral de Contabilidade.

Unidade 5. Aproxionamento: Obxectivos:

- Mostrar ao alumno a necesidade que teñen as empresas de:
 - Adquirir bens e servizos necesarios para realizar a súa actividade económica.
 - Establecer relacións comerciais cos provedores.

- Coñecer a documentación xerada polas compras e as súas formas de pago.
- Saber cales son as normas xurídicas e contables que regulan estas operacións.

Unidade 6. Producción: Obxectivos:

- Resaltar a importancia que a organización do proceso produtivo ten para as empresas industriais ou de transformación e analizar os seus compoñentes máis importantes.

Unidade 7. Comercialización: Obxectivos:

- Mostrar ao alumnado que a función de vendas é a tarefa máis importante que na actualidade deben desenvolver as empresas.
- Sinalar a necesidade que teñen as empresas de dar a coñecer os seus produtos e de distribuílos de forma que cheguen ao consumidor en óptimas condicións.
- Coñecer os rexistros e documentos que a comercialización e vendas orixinan, así como as normas legais e contables que as regulan.

Unidade 8. Tesourería e financiación: Obxectivos:

- Realizar previsións de tesourería para coñecer a súa situación a curto prazo e coñecer os posibles problemas de falta de liquidez.
- Coñecer os servizos dos intermediarios financeiros: Bancos e Caixas de aforros.
- Comprender as técnicas para o cálculo do interese simple e aplicarlas nas modificacións dos vencementos de cobros e de pagos.
- Aprender a xestionar a carteira de efectos utilizando os servizos bancarios.
- Analizar os problemas de falta de liquidez e estudar posibles solucións, identificando os trámites e xestións necesarios, cumprimentando a súa documentación e calculando os seus custos.

Unidade 9. O departamento de recursos humanos: Obxectivos:

- Establecer claramente as funcións relativas ao Departamento de recursos humanos dunha empresa.

- Coñecer toda a normativa básica relacionada coas xestións propias da relación laboral.
- Analizar e distinguir os diferentes tipos de contratos.
- Dominar o proceso de realización de nóminas e liquidación de seguros sociais e IRPF, así como as normas aplicables ao devandito proceso.
- Saber distinguir todos os documentos xerados:
 - Empresa-organismos.
 - Empresa-traballadores.
- Ser capaces de aplicar as técnicas de cálculo necesarias para a confección do recibo de salario, cotización e liquidación de impostos.
- Realizar as anotacións contables que o proceso de liquidación de nóminas, seguros sociais e IRPF xeran.

Unidade 10. Administración (parte ii): Obxectivos:

- Comprender o concepto económico de amortización e entender o seu rexistro contable.
- Analizar novos capítulos de gastos e ingresos da actividade empresarial.
- Asignar os gastos e ingresos ao exercicio económico ao que correspondan con independencia das súas datas de pago ou cobro.
- Entender o proceso contable de peche de exercicio e determinar o resultado económico obtido pola empresa.
- Elaborar as Contas anuais da empresa e interpretar a información que proporcionan.

IV. TEMPORALIZACIÓN, CONTIDOS MÍNIMOS E PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

A **temporalización**, necesariamente, terá que adaptarse ao desenvolvemento do curso académico e as súas propias incidencias e a explicación das mesmas dependerá da asimilación dos contidos por parte do alumnado, da propia marcha do curso ou cursos do mesmo nivel e doutras causas. Polo tanto, a temporalización deberá ser dinámica e, se é o caso, acondicionada aos posibles cambios da marcha do curso académico.

Como proposta de **temporalización en función das unidades** propostas (recalco que a temporalización de cada unidade é meramente orientativa, pode variar para adaptarse ás necesidades dos alumnos), temos a seguinte:

Unidade 1. Introducción á empresa: Temporalización:

Proponse, como referencia, dedicar a esta Unidade 9 horas.

Unidade 2. Creación da empresa: Temporalización:

8 horas.

Unidade 3. Secretaría e arquivo: Temporalización:

8 horas.

Unidade 4. Administración (parte i): Temporalización:

9 horas.

Unidade 5. Aproveisionamento: Temporalización:

16 horas.

Unidade 6. Producción: Temporalización:

4 horas.

Unidade 7. Comercialización: Temporalización:

10 horas.

Unidade 8. Tesourería e financiación: Temporalización:

9 horas.

Unidade 9. O departamento de recursos humanos: Temporalización:

10 horas.

Unidade 10. Administración (parte ii): Temporalización:

12 horas.

Considéranse **contidos mínimos por bloques:**

Bloque 1. Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa:

1. Iniciar a redacción dun plan de empresa coa idea de negocio previamente seleccionada.
2. Identificar os trámites para a posta en marcha dunha empresa e relacionalos cos correspondentes organismos.
3. Actitudes adecuadas de cooperación co seu grupo de traballo e co grupo-clase.

Bloque 2. A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos:

1. Diferenciar distintos tipos de empresa segundo as clasificacións estudadas (tamaño, sector de actividade, forma de propiedade e número de propietarios).
2. Coñecer as características máis relevantes das distintas formas xurídicas estudadas, valorando as súas vantaxes e inconvenientes.
3. Recoñecer as áreas funcionais básicas das empresas e as súas principais funcións.

Bloque 3. Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa:

1. Analizar os trámites legais e as actuacións necesarias para crear a empresa
2. Distinguir as diferentes formas de comunicación das empresas, entre si e con outros organismos e/ou particulares.
3. Redactar adecuadamente, coas técnicas de comunicación máis apropiadas.

Bloque 4. O plan de aprovisionamento:

1. Aplicar técnicas elementais de selección de provedores.
2. Redactar un contrato de compra-venda.
3. Confección de fichas de xestión de existencias.
4. Identificar e cumprimentar un pedido, factura e albará.
5. Saber calcular o IVE nos documentos de compra-venda.
6. Cumprimentar adecuadamente cheques e letras de cambio.
7. Rigor e limpeza na realización dos documentos relacionados coas operacións de compra-venda.

Bloque 5. Xestión comercial e de márketing na empresa:

1. Diferenciar as variables de márketing-mix, indicando o contido de cada unha delas.
2. Aplicar as técnicas elementais do márketing.
3. Realización e exposición dun plan comercial.
4. Actitudes adecuadas de cooperación co seu grupo de traballo e co grupo-clase.

Bloque 6. Xestión dos recursos humanos:

1. Indicar as distintas funcións que pode desenvolver o departamento de persoal.
2. Coñecer a normativa básica relacionada coas xestións propias da relación laboral.

3. Confeccionar e interpretar supostos sinxelos de nóminas.

Bloque 7. Xestión da contabilidade da empresa:

1. Coñecer o concepto xurídico-económico de patrimonio (bens, dereitos e obrigacións) e o seu rexistro contable.

2. Interpretar o significado contable das contas e dos asentos contables polo método da partida dobre.

3. Coñecer os principais libros contables e realizar anotacións nos mesmos como forma de rexistro das operacións da empresa.

4. Redactar un estudo económico-financeiro.

Bloque 8. Xestión das necesidades de investimento e financiamento.

Viabilidade da empresa:

1. Identificar as operacións básicas que realizan os bancos.

2. Recoñecer e interpretar terminoloxía financeira básica: TAE, préstamo, empréstito, desconto comercial.

3. Manexar as técnicas para o cálculo do interese simple e composto.

Bloque 9. Exposición pública do desenvolvemento da idea de negocio:

1. Expoñer e comunicar publicamente o proxecto de empresa.

2. Utilizar ferramentas informáticas que apoiem a comunicación e presentación do proxecto.

Os principais **procedementos de avaliación** serán:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións).
- Probas de avaliación de contidos.

En canto ós **instrumentos de avaliación**, propoño:

- Probas escritas: Deben conter unha proporción razoable de contidos conceptuais e/ou procedimentais. Normalmente, nas probas escritas os contidos a avaliar serán os traballados no período inmediatamente anterior, aínda que determinados conceptos e procedementos que se consideran básicos (vocabulario económico, técnicas de análise, comentario e explicación de documentos) poidan ser incluídos ó longo de todo o curso.

- Participación e actitude: Valorarase a participación dos alumnos na marcha da clase. Terase en conta a participación de cada un, mediante o interese polas actividades, preguntas que fai, respostas ás preguntas do profesor ou dos compañeiros, actitude e participación nos traballos en grupo. Terase tamén en conta a actitude de respecto cara os demais membros da comunidade escolar, respecto á quenda de palabra, ás normas de convivencia, coidado do material, etc.

- Actividades e traballos complementarios: Procurarase establecer actividades complementarias (investigacións sobre o contorno, recompilación e tratamento de información variada, etc.). Valorarase, nestes casos, o rigor no manexo da información, a orixinalidade do prantexamento, o coidado na redacción/exposición e presentación e o cumprimento dos prazos previstos. Así mesmo, teranse en conta tamén as aportacións voluntarias de proacción.

- Observación directa das actitudes e hábitos do alumnado: Así obtemos datos sobre a súa participación, grao de implicación na realización de actividades individuais e/ou grupais, interese pola materia, iniciativa, etc.

V. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS:

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Desenrolaranse metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e

da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.

Fomentárase que o alumnado se implique na aprendizaxe e adquira as habilidades que lle permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que vive, interactuar en situacións variadas e continuar aprendendo.

O docente deberá buscar situacións próximas aos alumnos para que estes poidan aplicar, en diferentes contextos, os contidos dos catro saberes que forman cada unha das competencias (saber, saber facer, saber ser e saber estar). Así mesmo, creará contextos e situacións que representen retos para os alumnos; que os inviten a cuestionarse os seus saberes actuais; que os obriguen ampliar a súa perspectiva e a contrastar os seus pareceres cos dos seus compañeiros, a xustificar e a interpretar con rigor, etc.

Como metodoloxía didáctica, optase por aquela que combina a construción do coñecemento do alumnado sobre unha base dobre: a exposición oral significativa por parte do profesorado na aula, dirixindo e organizando o traballo e a selección dos aspectos a traballar, e o traballo con fontes documentais por parte do alumnado. É dicir, trátase dun modelo integrador en que se combina a aprendizaxe por recepción e por descubrimento.

Tentase prestar unha especial atención a que o alumno lle atope sentido ó traballo que está a facer, proporcionándolle sempre estímulos positivos, utilizando distintas estratexias de aprendizaxe que favorezan unha ensinanza activa.

Para poder levar a cabo o anteriormente exposto, será precisa unha actualización metodolóxica que favoreza a innovación na aula e o desenvolvemento de metodoloxías activas e participativas, para o que será preciso:

- Favorecer a transformación da información en coñecemento, a través da selección e interpretación de contidos procedentes de diversas fontes.

- Producir e interpretar informacións sobre aspectos cuantitativos.
- Promover a participación do alumnado en debates sobre temas seleccionados en función da súa potencialidade crítica para a comprensión de problemas socialmente relevantes, utilizando as normas do intercambio comunicativo.
- Elaboración de pequenos traballos de investigación.
- Utilizar actividades de carácter interdisciplinario a través do traballo en grupo e da colaboración na resolución de problemas.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación, ademais de practicar o manexo crítico e selectivo da información que proporcionan.

Traballaranse: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación.

VI. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:

Durante o presente curso, imos utilizar como base os seguintes materiais curriculares:

Libro recomendado “Fundamentos de administración y gestión”, da editorial Mc Graw Hill.

Tamén se facilitará ao alumnado fotocopias (en apuntes ou de libro de texto) para determinados contidos a ampliar, se se considerase necesario para a correcta comprensión dos contidos por parte do alumnado.

Ademais dos materiais curriculares citados, como outros recursos utilizados habitualmente na aula, podemos citar:

- Dicionarios, enciclopedias
- Diapositivas, vídeos didácticos
- Exemplares do Código de Comercio

Ademais dos recursos citados, o Centro conta cunha Biblioteca que permite ós alumnos consultar no propio local, ou levar en préstamo, bibliografía axeitada ás súas necesidades.

Contase tamén no Centro con dúas aulas de informática e con ordenadores na biblioteca, que poden ser utilizados para obter información e para traballar exercicios co alumnado.

VII. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Avaliación:

A avaliación concíbese como individualizada, integradora, cualitativa, orientadora e continua.

Os elementos a avaliar son os seguintes:

- A aptitude mostrada ante a materia
- A comprensión e a aplicación do aprendido en situacións de práctica
- A actitude, o interese, o comportamento social, a educación, etc.

No “como avaliar”, faise referencia ás probas, ferramentas ou procesos da avaliación. Hai unha grande cantidade de procedementos que van desde a observación directa ata a proba escrita, aínda que algunhas das máis empregadas para facer o proceso avaliativo, son as seguintes:

- Traballos de clase, posto que proporcionan moita información sobre o seguimento do alumnado, o seu vocabulario, a súa expresión escrita, etc.

- Observación diaria, directa e sistemática
- Realización e exposición de traballos de investigación, ben sexan individuais ou grupais
- Monografías, resumos, traballos de aplicación, textos escritos...
- Realización de cuestionarios
- Probas específicas, orais ou escritas: obxectivas, abertas, exposición dun tema, resolución de exercicios...

Cráterios de cualificación en bacharelato:

A avaliación tomará como referencia os obxectivos e contidos expostos no módulo.

A cualificación final do módulo obterase considerando os seguintes aspectos:

- Probas obxectivas e individuais (70%).
- Realización de traballos individuais e/ou en grupo escritos ou orais, asistencia a clase, participación nas actividades programadas, preguntas, intervencións na clase, iniciativa, disposición do material adecuado para o seguimento da materia, arquivo adecuado do material entregado, etc. (30%).

A cualificación do alumno en cada unha das avaliacións obterase aplicando esta ponderación, debendo o alumno obter unha cualificación de 5 puntos para superar a avaliación.

Ao figurar no boletín de cualificacións cifras enteiras, no caso de que o/o alumno/a obteña de nota unha cifra con decimais, redondearase por exceso cando o decimal sexa 0,5 ou máis.

De obter o alumno unha cualificación na avaliación inferior a 5, deberá realizar as probas de recuperación correspondentes, que se realizarán durante o seguinte trimestre coas partes pendentes de superar. Se o alumno non supera esta proba, irá a unha proba final coa totalidade da avaliación pendente.

En ningún caso se promediará cando o alumno obtivese nalgunha das probas/actividades realizadas en clase, para calquera das avaliacións, unha nota inferior a 4, o cal implicará que o alumno terá esa parte pendente de avaliación na proba de recuperación.

Así, dita avaliación estará suspensa, non podendo sumarse os outros elementos da nota. A nota do proba que non acade este mínimo, será o 100 % da nota da avaliación.

Aprobará a materia quen obteña unha nota final igual ou superior a 5 puntos (sen redondeos), que será a media aritmética das cualificacións reais obtidas en cada avaliación, con independencia do redondeo practicado.

Para quen a nota anterior sexa inferior a 5 puntos celebrarase unha proba global na que o alumno deberá superar as avaliacións que teña pendentes. Igualmente, deberán realizar esta proba global aqueles alumnos que perdesen o dereito á avaliación continua por superar o número de faltas permitido.

Cando un alumno non se presente a unha proba, deberá xustificar a falta con un documento oficial para que se lle poida repetir noutra data. No caso de que non se xustifique a nota da proba é de 0 puntos.

Cando se atope a un alumno o alumna copiando nunha proba será eliminado da mesma e a súa nota será de 0 puntos.

VIII. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE:

1. Planificación:

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
PLANIFICACION	1. Programar a asignatura tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	2. Programar a asignatura tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
	3. Seleccionar e secuenciar de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
	4. Programar actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5. Planificar as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	6. Establecer os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoevaluación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	7. Coordinar co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afines ca asignatura.		

2. Motivación do alumnado:

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
MOTIVACION DEL ALUMNADO	1. Proporcionar un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	2. Suscitar situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos?).		
	3. Relacionar as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidad.		
	4. Informar sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.		
	5. Relacionar os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimular a participación activa dos estudantes en clase.		
	7. Promuever a reflexión dos temas tratados.		

3. Desenvolvemento do ensino:

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
ENSEÑANZA	1. Resumir as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas?		
	2. Cando introduce conceptos novos, relacionanse, si é posible, cos xa coñecidos; intercalando preguntas aclaratorias; exemplos...		
	3. Ter predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.		

4. Optimizar o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
5. Utilizar axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos no aula.		
6. Promuever o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
7. Desenvolver os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
8. Suscitar actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
9. Suscitar actividades grupales e individuais.		

IX. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES:

Non existe ningún alumno que teña pendente a materia que nos ocupa.

X. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS:

No inicio do curso farase unha avaliación inicial cuxo principal obxectivo é a unha detección das ideas previas do alumnado sobre a economía e o empresariado do noso país, comprobar que métodos de traballo coñecen e que información posúen sobre algúns conceptos moi xerais. Isto permitiranos concretar e adaptar os aspectos metodolóxicos da nosa labor docente ao nivel e necesidades do noso alumnado.

Os aspectos a diagnosticar serán: as concepcións iniciais que teñen sobre a materia, as estratexias de razoamento, o dominio do vocabulario (xeral, non só económico) e tamén as actitudes e hábitos de traballo.

Os procedementos que usaremos para conseguir o exposto anteriormente serán:

- Preguntas abertas, plantexadas de forma oral, que faciliten a verbalización da interpretación de fenómenos económicos ou relacionados co mundo da empresa. O dominio xeral da linguaxe e un vocabulario rico, se consideran aspectos a ter moi en conta para o plantexamento das clases posteriores.

- Solicitud de información ós titores, orientación (de considerarse necesario) e profesorado do/s curso/s anterior/es.

Isto levarase a cabo tamén nas diferentes unidades didácticas, insistindo na detección de erros conceptuais e no proceso de aprendizaxe significativa.

XI. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN BACHARELATO:

Asentaremos estas medidas en catro puntos:

- * Tratar de anticiparnos á aparición de dificultades, realizando unha avaliación continua do traballo persoal de cada alumno. Así, nos aseguramos da adecuación das nosas propostas de traballo a cada alumno e da corrección do proceso de aprendizaxe.

- * Diseñar, de ser o caso, metodoloxías alternativas para atender as distintas necesidades educativas do alumnado.

- * Revisar continuamente as nosas actuacións, para adaptalas ó nivel do alumnado e as súas posibilidades de aprendizaxe.

* Diseñar, de ser o caso, actividades que permitan axustes a ritmos de aprendizaxe distintos e persoalizados, para alumnado con dificultades ou altas capacidades.

Para alumnos que necesiten atención especializada, traballarase en coordinación co Departamento de Orientación.

XII. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO:

Fomentarase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, e o respecto e a consideración ás vítimas de calquera tipo de violencia.

Se fará fincapé especial nos seguintes elementos transversais:

- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- O tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación
- Emprendemento: análise e interpretación de datos e elaboración de conclusións razoadas

- Valores persoais: respecto os compañeiros do traballo en grupo e aos demais equipos.

XIII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS:

De organizarse actividades complementarias e extraescolares, se seguirán dous criterios básicos:

- Intentarase: emprazalas de xeito que alteren as actividades lectivas ordinarias o menos posible, e coordinalas con outros departamentos.
- Potenciar unha maior implicación do alumnado no proceso de organización e desenvolvemento das actividades.

Xa está prevista a visita ás instalacións da empresa Pull and Bear (grupo Inditex, SA), en Narón (A Coruña), previsiblemente no 2º trimestre do ano.

XIV. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA:

Sinalar que toda programación debe ser aberta, flexible e pode ser revisada en calquera momento para adaptarse a situacións imprevistas que poden darse ao longo do curso.

LEENDA DA ESCALA DE VALORACIÓN	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se alcanzan os mínimos aceptables e necesita unha mellora sustancial.
	Insuficiente	1	Omítense elementos fundamentais do indicador.
	Básico	2	Evidénciase cumprimento suficiente do indicador.
	Competente	3	Evidénciense prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador.
	Excelente	4	Evidénciense modelos de referencia de boas prácticas.

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE ANALIZAR COMO PARTE DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	0	1	2	3	4
--	----------	----------	----------	----------	----------

Organizáronse e secuenciáronse os estándares de aprendizaxe avaliáveis en relación ás distintas unidades de programación					
Asóciáanse os estándares de aprendizaxe avaliáveis, os instrumentos de avaliación e o indicador de logro					
Defínese avaliación inicial e as consecuencias dos seus resultados					
Defínese programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación					
Préstanse axudas para a animación a lectura e desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita					
Incorporación das TIC nos procesos de ensino-aprendizaxe					
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados					
Aplícanse a metodoloxía, os recursos e materias didácticos establecidos					
Realizáanse as actividades extraescolares e complementarias establecidas					
Tratamento dos temas transversais no proceso de ensino					
Coordinación a nivel horizontal con outros profesores do nivel					

O seguimento da programación anual realizarase:

- Mensualmente: seguimento da temporalización e consecución de obxectivos, coa finalidade de ir adaptándoa ó longo do curso, modificando os procedementos e/ou a metodoloxía de ser necesario, para chegar a todo o alumnado. Analizaranse especificamente as dificultades acaecidas, ca finalidade de deseñar medidas correctoras axeitadas para superalas. En función das conclusións, poderán realizarse modificacións da programación.

- Trimestralmente: análise dos resultados obtidos en cada unha das avaliacións por parte do alumnado e os niveis acadados con respecto á programación didáctica.

- Anualmente: memoria anual sobre a marcha da programación didáctica, os seus niveis de consecución e os posibles cambios a realizar nela para a súa mellora.

XV. INFORMACIÓN AS FAMILIAS

Tal como establece o apartado 5 do artigo 21 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, ó comezo de cada curso, o Departamento de Economía, a través do seu profesorado, informará a cada grupo de alumnos e alumnas dos obxectivos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe esixibles para obter unha valoración positiva nas materias de Iniciación á Actividade emprendedora e Empresarial, Economía 4º ESO, Economía 1º Bacharelato e Economía de la Empresa; así como do procedemento e dos instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación que se empregarán.

Sen prexuízo do anterior, esta información estará tamén exposta publicamente nos espazos que se consideren axeitados así como na web do centro

ANEXO I: IMPLANTACIÓN DAS TIC

I. Obxectivos

O departamento de Economía do IES Fernando Esquio, comprométense a participar de forma activa no proxecto e dende a súa área de coñecemento propoñen como obxectivos posible a acadar no desenvolvemento do mesmo, os seguintes:

A. Xerais

- Dinamizar o emprego das TIC entre todos os membros da comunidade educativa do IES Fernando Esquio.
- Introducir ós docentes nas posibilidades ofertadas polas TIC tanto no desenvolvemento da tarefa docente como no proceso de documentación e investigación asociados á mesma.
- Poñer á disposición do alumnado instrumentos e ferramentas que lles permitan acceder as posibilidades educativas e informativas implícitas nas TIC.
- Integrar ós pais/nais de alumnos na comunicación e información dixital, ofrecéndolles a oportunidade de acadar tanto formación sobre o emprego das TIC como información de relevancia sobre as posibilidades formativas e informativas que estas ferramentas ofrecen tanto ós seus fillos como a eles mesmos.
- Implantar no centro recursos e medios que posibiliten o desenvolvemento dun proceso auténtico de ensino-aprendizaxe no que as TIC xoguen un papel central.

- Lograr cunha parte importante da comunidade docente do IES Fernando Esquio empregue de forma significativa as TIC no súa actividade docente.
- Obter unha base de recursos educativos de elaboración propia ou adaptados que tome en consideración as necesidades e peculiaridades do entorno do IES.
- Inculcar no alumnado criterios de discriminación de contidos informativos con vistas a facer un uso formativo e propedéutico da rede Internet.
- Posibilitar a consecución polo alumnado de destrezas no emprego das ferramentas tecnolóxicas de uso mais habitual (procesadores de texto, follas de cálculo, navegadores de Internet, deseño gráfico, presentacións, etc.)
- Concienciar á comunidade educativa do IES Fernando Esquio da importancia das TIC para un proceso de ensino-aprendizaxe moderno e efectivo e trasladar a relativa sinxeleza do seu manexo.

B. Específicos

- Familiarizar ó alumnado co emprego das tecnoloxías de información e comunicación como ferramenta didáctica nas áreas de Economía, Economía da Empresa, Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras e Iniciativas Personais e Relacións Laborais..
- Poñer en valor o uso das TIC como fonte de información e recursos, fomentando o seu uso polo alumnado e potenciando a adquisición de criterio de discriminación á hora de buscar información relevante na web.

- Elaborar unha base de recursos educativos para as áreas de Economía, Economía da Empresa, Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras e Iniciativas Personalis e Relacións Laborais conn soporte dixital.
- Deseñar un esquema de traballo continuado na aula baseado no emprego das TIC como fonte de información e recursos e como soporte divulgativo de contidos previamente elaborados.
- Crear un sitio web de referencia para as materias de Economía e Economía e Organización de Empresas, dentro da páxina web do IES, que sirva de guía de traballo permanente e de orientación para todo aquel interesado en ditas materias.
- Axilizar e potenciar a comunicación co alumnado mediante vías alternativas ós canles tradicionais: correo electrónico, blog,, foro, etc que ofrezan unha maior posibilidade informativa e requiran dunha certa destreza tecnolóxica para o seu emprego.
- Constituír unha relación de sitios web confiables e de relevancia nas diversas áreas didácticas de traballo do Departamento e estudar as posibilidades que ofrecen para o alumnado como fonte de información válida para o seu desenvolvemento.
- Prestar especial atención ó desenrolo polo alumnado de criterios que lles permitan discriminar a información atopada en función da confianza que lles inspire a fonte de procedencia, diferenciando os meros datos, das opinións e valoracións subxectivas, e tamén en función da identidade de quen os manifeste.

- Impulsar a utilización das TIC como ferramentas que permiten a comunicación entre individuos separados xeograficamente e compartir información e opinións, así como experiencias.
- Potenciar a adquisición de habilidades tecnolóxicas no alumnado esixindo o emprego das TIC como instrumento ou ferramenta de traballo no seu proceso de ensino-aprendizaxe.

II. Temporalización

1º Trimestre

- Actualización e implementación do sitio web do departamento na web do centro.
- Confección de presentacións de unidades didácticas e cuestionarios para cumprimentar on-line,

2º Trimestre

- Avaliación dos resultados das actividades desenvoltas durante o primeiro trimestre e introdución das oportunas modificacións de cara ó segundo.
- Actualización do sitio web

3º Trimestre

- Avaliación de resultados e recompilación de material.
- Actualización do sitio web.
- Valoración da experiencia e control de resultados. Propostas para o próximo curso.

III. Recursos

- Aula informática con conexión a Internet
- Aplicacións informáticas básicas: procesador textos, folla cálculo, editores gráficos, programas de maquetación, conversores audio, ftp.
- Camaras dixitais e vídeo, grabadoras de son dixitais, escaner, proxector de vídeo, impresora.
- Ordenador portatil e cañón de vídeo para levar á aula convencional

IV. Actividades propostas.

Ditas actividades son de carácter xenérico e tratarán de levarse a cabo en todos os grupos nos que se imparta docencia, con especial atención ós curso de bacharelato.

- Desenrolo de presentacións para polo menos dúas unidades didácticas por trimestre académico
- Establecer para todas as unidades didácticas tests de control a través de cuestionarios telemáticos, etc.

V. Medidas de atención á diversidade.

A versatilidade das TIC facilita precisamente un tratamento mais personalizado do ensino, mediante o desenrolo de traballos e tarefas axeitados o desigual nivel do alumnado, modulando a complexidade ou dificultade dos mesmos ás súas capacidades.

Algunhas das medidas propostas dende o departamento concrétanse en:

- Traballos con diferente nivel de dificultade en función das capacidades do alumno.

- Grupos de traballo heteroxéneos que permitan a adquisición de destrezas por aqueles alumnos con un menor nivel de coñecementos no emprego das TIC.
- Diferente nivel de esixencia na valoración dos resultados en función das diferentes habilidades iniciais amosadas polo alumnado así como das súas capacidades.
- Actividades específicas dirixidas a potenciar o coñecemento en áreas nas que o alumnado amose mais problemas.

ANEXO II: PLAN LECTOR

I. Introducción

Con motivo da introducción da obrigabilidade da elaboración dun Plan Lector para o centro a fin de potenciar as habilidades lecto-escritoras entre o alumnado, dende o departamento de economía deséxase concretar as actuacións a desenvolver dentro do seu ámbito académico para contribuir á consecución ós obxectivos de dito plan.

II. Obxectivos.

1. Facilitar ó acceso ós alumnos a fontes de información escrita e audiovisual sobre os ámbitos de economía e mercado de traballo.
2. Potenciar a autonomía do alumnado na búsqueda de información e na consulta dos fondos bibliográficos disponibles.
3. Ofertar tempo e espazo para a adquisición das habilidades lecto-escritoras básicas, dentro do tempo específico das materias do departamento no horario do alumno.
4. Promover a consecución dun vocabulario específico das áreas de coñecemento impartidas polo departamento.

III. Actuacións

1. Desenvolver unha política de adquisición de material bibliográfico ameno e divulgativo, atractivo para o alumnado, que contribúa á súa aproximación á biblioteca como centro de recursos.

2. Informar ó alumnado dos fondos que se atopan dispoñibles na biblioteca do centro con orientación en canto ó seu contido e recomendacións sobre posibles lecturas:
“El crack del 29” de J. K. Galbraith (ed Ariel, 2005)
“Primero la gente” de Amartya Sen y Bernardo Kliksberg (ed Deusto)
“Un hombre sin patria” de Kart Vonnegut (ed. Bronce)
“Quien se ha llevado mi queso” de Spencer Jonson, M.D. ed Empresa Activa
3. Efectuar traballos que demanden a consulta de fondos bibliográficos actualizados dispoñibles na biblioteca do centro.
4. Desenrolar na aula traballos de lectura comprensiva e comentarios de texto sobre temas específicos da materia impartida.
5. Esixir o manexo de vocabulario específico relativo ás áreas e coñecemento propias do departamento.
6. Integrar como parte dos contidos avaliados as habilidades lectoras mediante exercicios de comentarios de texto e lectura comprensiva.

IV. Avaliación

1. Revisión trimestral das adquisicións efectuadas na biblioteca e das suscripcións en vigor que teñan relación ca materia
2. Análise dos traballos realizados polos alumnos en base á documentación consultada na biblioteca.
3. Grado de coñecemento adquirido polo alumnado sobre o vocabulario e expresións específicos das áreas de coñecemento do departamento.
4. Nivel alcanzada na capacidade lectora do alumnado en relación a textos específicos.

ANEXO III: PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

Ata agora quixemos destacar que as cuestións económicas están presentes en multitude de aspectos e comportamentos humanos.

Educación ó consumidor:

Analízase unha visión do consumo como relación necesaria para a satisfacción das necesidades humanas, e ós consumidores como axentes económicos fundamentais. En concreto, estúdase o consumo dende un punto de vista técnico e individual, como variable macroeconómica que influirá na economía nacional, e por último, analízanse os problemas do consumo e consumismo en relación coa pobreza.

Os problemas do terceiro mundo e o capítulo da pobreza:

Trátanse de forma especial, relacionándoos cos factores que fan posibles a desigualdades.

Educación para a igualdade de oportunidades:

O estudio dos mercados de factores e en especial o mercado de traballo, tratan o tema das desigualdades dende un punto de vista laboral.

Formación e orientación laboral:

Todo o estudio da economía mete ós alumnos no mundo da empresa. O texto elixido, na maioría das unidades, serve para que se coñeza o mundo da

producción, as empresas, os mercados, e os elementos máis básicos dun sistema económico ó que se incorporará, chegado o momento, como traballador ou traballadora.

Educación ambiental:

O impacto no medio ambiente que os actuais métodos de produción ocasionan, as posibilidades de prevelo ou solucionalo e as decisións sobre crecemento económico e ecoloxía, analízanse e fan que o alumnado reflexione sobre estes problemas.

ANEXO IV : PLAN DE CONVIVENCIA

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe um dos principais desafíos dos sistemas educativos na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas, máis igualitarias e pacíficas.

O conxunto de accións previstas no Plan de Convivencia contéplase desde dúas perspectivas: a de prevención e a de intervención.

O Departamento de Economía colaborará en todas as accións que dende a dirección do centro se fixen en relación con medidas preventivas e de intervención.

SIGNATURA DOS MEMBROS DO DEPARTAMENTO

Carmen González Feijoo

Dolores Rey Varela

Xefa do Departamento